



## MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

### 2.1.

Actividade, ocupación e desemprego

### 2.2.

Custos e salarios

### 2.3.

Formación e relacións laborais



## 2.1. Actividade, ocupación e desemprego

**O mercado de traballo en Galicia pechou o ano 2025** consolidando a tendencia de recuperación iniciada en exercicios anteriores, cun incremento tanto na afiliación á Seguridade Social como na ocupación medida pola EPA. Este crecemento, que sitúa o número de afiliacións por riba dos 1,09 millóns, mantén retos estruturais importantes, como unha das taxas de actividade máis baixas do Estado e un mercado envellecemento da súa poboación activa.

Un dos fitos máis salientables do exercicio foi o incremento do emprego feminino, que por primeira vez dende que existen rexistros superou en número de afiliacións ao masculino. Esta feminización do mercado laboral complementábase cunha evolución moi positiva entre os menores de 30 anos e un peso cada vez maior da poboación estranxeira.

### **Afiliacións á Seguridade Social**

A afiliación á Seguridade Social representa unha das principais fontes estatísticas para a análise do emprego rexistrado, dado que, ao tratarse dun rexistro administrativo, reflicte de xeito fiable o número de persoas que manteñen unha relación laboral activa e cotizan ao sistema. Non obstante, as variacións na afiliación poden deberse non só á creación ou destrución de emprego, senón tamén a cambios na duración, intensidade ou estabilidade das relacións laborais. Por isto, a análise do mercado de traballo desde o enfoque da afiliación debe complementarse con fontes máis amplas, como a Enquisa de Poboación Activa (EPA), que permiten obter unha visión máis completa da realidade laboral.

No caso de Galicia, a análise da afiliación no último ano realízase a partir de datos desagregados por xénero, distribución territorial, réximes de afiliación e sectores de actividade. Estes datos,

Mercado de traballo 2020-25: principais indicadores

	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/19	25/24
							Total	Total
	<i>(en miles de persoas)</i>						<i>(%)</i>	<i>(%)</i>
Afiliados á Seguridade Social	996,0	1.015,5	1.036,9	1.055,1	1.072,9	1.090,9	7,5	1,7
Poboación maior 16 anos	2.339,0	2.340,9	2.342,6	2.358,8	2.372,0	2.385,3	2,1	0,6
Poboación activa	1.220,9	1.228,2	1.240,4	1.250,0	1.262,3	1.277,1	2,9	1,2
Poboación ocupada	1.074,2	1.085,1	1.103,7	1.128,6	1.144,0	1.170,5	6,9	2,3
Poboación parada	146,7	141,8	136,9	121,4	118,3	106,7	-26,9	-9,9
Poboación parada longa duración (1)	21,5	28,5	18,3	17,1	16,4	14,8	-25,6	-9,8
Poboación parada moi longa duración (2)	35,5	36,7	41,1	32,1	27,8	22,3	-51,1	-19,8
Poboación inactiva	1.118,1	1.115,5	1.108,6	1.108,8	1.109,7	1.108,1	1,3	-0,1
	<i>(%)</i>						<i>(puntos porcentuais)</i>	
Taxa de actividade	52,2	52,5	52,9	53,0	53,2	53,5	0,4	0,3
Taxa de ocupación	45,9	46,4	47,1	47,8	48,2	49,1	2,2	0,8
Taxa de paro	12,0	11,5	11,0	9,7	9,4	8,4	-3,4	-1,0
Taxa de paro xuvenil ( <i>menores 25 anos</i> )	33,1	32,0	32,7	24,7	25,8	24,9	-3,1	-0,9
Taxa de temporalidade (%)	24,0	24,5	19,4	16,7	15,9	13,8	-12,7	-2,1
	<i>(en miles de persoas)</i>						<i>(%)</i>	<i>(%)</i>
Paro rexistrado	180,3	163,4	146,2	134,5	123,1	113,6	-30,4	-7,7
Contratos iniciais indefinidos	36,1	47,3	211,6	218,1	213,1	215,3	355,4	1,0
Contratos iniciais temporais	680,4	839,4	579,4	468,0	460,2	466,2	-53,2	1,3
Contratos convertidos en indefinidos	32,7	45,8	68,2	26,5	25,6	23,9	-44,7	-6,6

(1) máis de un anos

(2) máis de dous anos

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.1.

facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, reflicten situacións que xeran obrigas de cotización e non necesariamente o número exacto de traballadores e traballadoras; é dicir, a mesma persoa pode contabilizarse varias veces se mantén varias actividades laborais dentro dun mesmo réxime ou en distintos réximes.

O número medio de afiliacións para o total do sistema no ano 2025 en Galicia foi de 1.090.932 persoas (**cadro 2.1.2.**), o que supón un aumento de 18.029 afiliacións en relación á media do ano anterior (1,7%). No conxunto do Estado as afiliacións incrementáronse un 2,3% en relación ao ano anterior. O número de afiliados de media en España no ano 2025 supera os 21,5 millóns de persoas, sendo o peso de Galicia no conxunto do Estado do 5,1% das afiliacións totais, mesma porcentaxe que no ano anterior.

Desde o punto de vista do xénero, nos últimos anos, o incremento de mulleres afiliadas á Seguridade Social en Galicia foi relativamente superior ao dos homes, de modo que a participación feminina no conxunto da afiliación incrementouse progresivamente. Como resultado desta evolución, no ano 2025, por primeira vez desde 2002 —primeiro ano da serie estatística— o número de mulleres afiliadas superou ao dos homes, segundo os datos oficiais do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

A evolución da afiliación segundo xénero (**gráfico 2.1.3.**) mostra como o incremento da afiliación no ano 2025, un ano máis, foi superior no colectivo feminino, con incrementos interanuais do

### Afiliados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2019-25 <sup>(1)</sup>


	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	<i>(en miles de persoas)</i>						<i>(%)</i>
2019	1.015,3	434,8	122,8	102,7	355,0	19.189,2	5,3
2020	996,0	425,7	120,2	100,9	349,2	18.767,1	5,3
2021	1.014,4	435,1	121,3	101,8	356,3	19.249,2	5,3
2022	1.036,9	447,5	122,9	103,3	363,2	20.005,3	5,2
2023	1.055,1	456,3	124,2	104,9	369,7	20.547,0	5,1
2024	1.072,9	466,9	125,3	106,0	374,8	21.072,3	5,1
2025	1.090,9	476,0	126,5	107,8	380,6	21.547,6	5,1

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	<i>(taxas de variación interanual)</i>					
2025/2019	7,5	9,5	3,0	5,0	7,2	12,3
2025/2020	9,5	11,8	5,2	6,8	9,0	14,8
2025/2021	7,5	9,4	4,3	5,9	6,8	11,9
2025/2022	5,2	6,4	2,9	4,4	4,8	7,7
2025/2023	3,4	4,3	1,8	2,8	3,0	4,9
2025/2024	1,7	2,0	0,9	1,7	1,6	2,3

(1) datos anuais: en medias anuais  
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

## 2.1.2.


### Afiliacións á Seguridade Social 2014-25



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

## 2.1.3.

Afiliacións á Seguridade Social totais e menores de 30 anos 2014-25



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

#### 2.1.4.

5% fronte a un descenso da afiliación masculina do 1,6%, o que en termos absolutos supón 26.618 mulleres afiliadas máis e 8.590 homes afiliados menos que en 2024. Os datos da análise lonxitudinal das afiliacións da Seguridade social realizadas polo IGE, con datos para 2024, mostra que o número medio de afiliacións anuais entre homes e mulleres é semellante (1,9 e 2,1 respectivamente), pero a duración media foi maior nos homes (175,1 días), que nas mulleres (154,6 días).

A afiliación dos menores de 30 anos aumentou significativamente no último ano, cun crecemento do 5,6%, por encima da media de Galicia (1,7%), como se reflicte no **gráfico 2.1.4**. A pesar de que o seu peso no conxunto das afiliacións sitúase en torno ao 12%, este incremento relativo sinala que o colectivo xuvenil presenta unha evolución máis dinámica que a media, contribuíndo de forma destacada á tendencia xeral do emprego rexistrado. Non obstante, a citada estatística de análise lonxitudinal, destaca que a medida que aumenta a idade diminúe o número medio de afiliacións por persoa, pasando de 3 afiliacións por persoa menor de 25 anos a 1,4 nas persoas de 60 ou máis anos. Polo que respecta aos períodos de afiliación incrementanse coa idade, pasando de 67,6 días nos menores de 25 anos a 234,3 días nas persoas de 60 ou máis anos.

A análise dos distintos réximes de cotización está intimamente relacionada coa estrutura sectorial dun territorio, xa que a composición produtiva condiciona o tipo de afiliación predominante. A desagregación por réximes resulta, por tanto, fundamental para comprender a natureza das relacións laborais e a configuración global do emprego rexistrado en Galicia.

Neste senso, en Galicia as afiliacións ao réxime xeral representan o 79,7% das afiliacións galegas en 2025, un 2,2% máis que no ano 2024, acadando as 868.998 persoas afiliadas (**cadro 2.1.5.**).

### Afiliacións en alta laboral na Seguridade Social 2019-25: distribución segundo réxime <sup>(1)</sup>

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	25/24		Galicia/ España
								Galicia	España (%)	
<b>Total</b>	<b>1.015.254</b>	<b>996.026</b>	<b>1.015.451</b>	<b>1.036.862</b>	<b>1.055.084</b>	<b>1.072.903</b>	<b>1.090.932</b>	<b>1,7</b>	<b>1,9</b>	<b>5,1</b>
<b>Réxime Xeral</b>	<b>784.145</b>	<b>768.104</b>	<b>786.959</b>	<b>809.841</b>	<b>830.326</b>	<b>849.975</b>	<b>868.998</b>	<b>2,2</b>	<b>2,1</b>	<b>4,8</b>
R. Xeral	752.337	737.315	755.862	779.712	800.498	821.170	841.077	2,4	2,4	4,9
Agrario	5.632	5.672	5.966	5.846	6.112	6.093	6.248	2,5	-2,0	1,0
R. E. Empregados fogar	26.176	25.117	25.132	24.283	23.716	22.712	21.673	-4,6	-5,8	6,3
<b>Autónomos (2)</b>	<b>210.143</b>	<b>207.592</b>	<b>208.562</b>	<b>207.217</b>	<b>205.429</b>	<b>204.589</b>	<b>204.177</b>	<b>-0,2</b>	<b>1,0</b>	<b>6,0</b>
Non S.E.T.A.	186.821	185.248	187.389	187.465	186.682	186.882	187.579	0,4	1,3	5,8
S.E.T.A.	23.600	22.542	21.326	20.100	19.032	17.904	16.813	-6,1	-2,7	10,4
<b>Mar</b>	<b>20.967</b>	<b>20.330</b>	<b>19.929</b>	<b>19.803</b>	<b>19.328</b>	<b>18.339</b>	<b>17.756</b>	<b>-3,2</b>	<b>-1,3</b>	<b>29,0</b>
Conta allea	11.605	11.077	10.992	10.981	10.768	10.251	10.127	-1,2	-0,5	20,5
Conta propia	9.362	9.254	8.938	8.822	8.560	8.088	7.629	-5,7	-4,2	63,7

(1) medias anuais

(2) A desagregación de non S.E.T.A., S.E.T.A. non coincide co total de autónomos por ser diferente metodoloxía de extracción de datos

Fonte: IGE, *Afiliacións á Seguridade Social*

## ■ 2.1.5.

No concernente ás afiliacións ao réxime especial de autónomos, no ano 2025 continúa a tendencia descendente, rexistrándose unha caída da afiliación interanual do 0,2%, o que supón 204.177 persoas afiliadas a este réxime en Galicia de media no ano 2025. Finalmente, o réxime especial do mar presenta unha nova caída media anual, acollendo un total de 17.756 afiliacións, un 3,2% menos que no ano anterior, de xeito que este réxime só representa o 1,6% do total das afiliacións galegas.

En termos de peso relativo, Galicia concentra o 5,1% da afiliación total estatal, unha cota relevante e superior ao seu peso poboacional.

Tal como se sinalou anteriormente, o principal motor do crecemento do emprego en Galicia segue a ser o Réxime Xeral, que aumenta un 2,2%, en liña coa evolución estatal (2,1%). Dentro deste réxime, o réxime agrario destaca positivamente en Galicia, cun incremento do 2,5%, fronte á caída do 2% no conxunto do Estado.

En contraste, o réxime especial de empregados do fogar continúa mostrando unha tendencia negativa, con descensos do 4,6% en Galicia e do 5,8% en España. Trátase dunha caída de carácter estrutural, asociada ás regularizacións realizadas en anos anteriores e á substitución progresiva por servizos profesionais. A pesar desta evolución, Galicia segue concentrando unha proporción significativa deste colectivo, o 6,3 % do total estatal.

No que respecta ao traballo autónomo, en 2025, o número de autónomos diminúe lixeiramente en Galicia (-0,2%), mentres que en España aumenta un 1%, a pesar do que Galicia mantén un peso elevado, cun 6% dos autónomos do conxunto do Estado. A caída de afiliacións no réxime de autónomos é consecuencia do descenso nas afiliacións no Sistema Especial para Traballadores por conta propia Agrario (SETA), que se reduciron en máis de 1.000 no último ano en Galicia.

**Afiliacións á Seguridade Social 2024-25: distribución segundo principais ramas de actividade (1)**

	2025		2024		25/24	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	107.459	9,9	106.960	10,0	0,5	499
56 Servizos de comidas e bebidas	72.305	6,6	71.188	6,6	1,6	1.117
86 Actividades sanitarias	72.149	6,6	70.366	6,6	2,5	1.783
85 Educación	62.766	5,8	60.326	5,6	4,0	2.440
84 Administración pública e defensa, Seguridade Social obrigatoria	59.517	5,5	59.651	5,6	-0,2	-134
43 Actividades de construción especializada	52.622	4,8	51.612	4,8	2,0	1.010
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	49.506	4,5	49.261	4,6	0,5	245
49 Transporte terrestre e por tubaxe	35.042	3,2	34.571	3,2	1,4	471
10 Industria da alimentación	31.874	2,9	31.684	3,0	0,6	190
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	31.069	2,8	31.758	3,0	-2,2	-689
81 Servizos a edificios e actividades de xardinería	30.511	2,8	29.915	2,8	2,0	596
41 Construción de edificios	25.532	2,3	25.216	2,4	1,3	316
45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	22.228	2,0	22.039	2,1	0,9	189
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	22.095	2,0	23.149	2,2	-4,6	-1.054
96 Outros servizos persoais	20.566	1,9	20.341	1,9	1,1	225
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	695.241	63,7	688.037	64,1	1,0	7.204
<b>Total</b>	<b>1.090.932</b>	<b>100</b>	<b>1.072.903</b>	<b>100</b>	<b>1,7</b>	<b>18.029</b>

**Ramas con maior descenso de afiliacións**

	2025		2024		25/24	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	22.095	2,0	23.149	2,2	-4,6	-1.054
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	31.069	2,8	31.758	3,0	-2,2	-689
03 Pesca e acuicultura	15.441	1,4	16.032	1,5	-3,7	-591
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	6.349	0,6	6.616	0,6	-4,0	-267
61 Telecomunicacións	3.425	0,3	3.627	0,3	-5,6	-202

**Ramas con maior incremento de afiliacións**

	2025		2024		25/24	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
85 Educación	62.766	5,8	60.326	5,6	4,0	2.440
86 Actividades sanitarias	72.149	6,6	70.366	6,6	2,5	1.783
25 Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	19.235	1,8	18.017	1,7	6,8	1.218
56 Servizos de comidas e bebidas	72.305	6,6	71.188	6,6	1,6	1.117
43 Actividades de construción especializada	52.622	4,8	51.612	4,8	2,0	1.010

(1) ramas CNAE 2009

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

**2.1.6.**

Finalmente, o Réxime do Mar presenta un axuste significativo, cunha caída do 3,2% en Galicia, máis intensa que a rexistrada en España (-1,3%). Esta evolución é especialmente relevante dado que Galicia concentra o 29% da afiliación estatal neste réxime. O descenso é máis acusado entre os traballadores por conta propia (-5,7%), que representan case dous terzos do total estatal.

Desagregando estes datos segundo ramas de actividade (**cadro 2.1.6.**), as 15 ramas que en 2025 teñen máis de 20.000 afiliacións acollen ao 63,7% da afiliación en Galicia. O “comercio ao retallo, salvo reparación de vehículos de motor e motocicletas” (CNAE 47) un ano máis é a rama cun maior número de afiliacións, con 107.459 (9,9% do total galego), situándose a continuación



### Afiliados no Rexime Xeral por tipo de contrato e xornada: 2024-25 <sup>(1)</sup>

	Total	2025			Temporal		Aprendizaxe, formación e prácticas	Outros
		Tempo completo	Indefinido Tempo parcial	Fixos discontinuos	Tempo completo	Tempo parcial		
<b>Galicia</b>	844.023,9	488.912,4	118.097,0	32.622,5	88.566,4	30.084,6	4.361,0	81.380,0
<b>Total</b>	17.165.148,8	9.953.724,7	2.558.304,7	926.912,8	1.433.653,0	614.196,8	74.402,9	1.603.954,0

	Total	2024			Temporal		Aprendizaxe, formación e prácticas	Outros
		Tempo completo	Indefinido Tempo parcial	Fixos discontinuos	Tempo completo	Tempo parcial		
<b>Galicia</b>	823.847,8	475.861,2	115.189,6	33.792,7	88.138,6	29.779,1	5.327,8	75.758,8
<b>Total</b>	16.685.589,5	9.633.315,9	2.466.522,5	928.232,7	1.481.083,3	617.397,0	82.241,9	1.476.796,2

(1) media anual das medias mensuais  
Fonte: TGSS

## ■ 2.1.7.

os servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), con 72.305 afiliacións en 2025 (6,6% do total galego), e en terceiro lugar, as actividades sanitarias (CNAE 86), con 72.149 afiliacións (6,6% do total).

As ramas de actividade que no ano 2025 en relación ao ano anterior, aumentaron máis o número de persoas afiliadas foron a “Educación” con 2.440 afiliados máis (4% máis que no ano 2024), as “Actividades sanitarias” con 1.783 afiliacións máis (2,5% máis que en 2024), e as actividades de “servizos de comidas e bebidas”, con 1.117 afiliados máis (1,6% máis).

Pola contra, un ano máis, entre as actividades cun maior descenso de afiliación están as “Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico” (1.054 afiliacións menos), a “Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados” (689 menos) e a “Pesca e acuicultura” (591 afiliacións menos).

En relación ás afiliacións en función do tipo de contrato (**cadro 2.1.7.**), no ano 2025 en Galicia aumentan tanto os afiliados con contrato indefinido como os contratados temporalmente.

No que respecta aos afiliados do réxime xeral con contrato indefinido, aumentaron un 2,4% en Galicia, o que se sitúa por debaixo do incremento medio estatal que foi do 3,2%. Os maiores incrementos dentro deste grupo, tanto en termos relativos como absolutos, prodúcense nos contratos indefinidos a tempo completo, cun 2,7% e 13.051 afiliados máis no réxime xeral con este contrato que no ano anterior. No que respecta aos contratos indefinidos fixos descontinuos, observamos no ano 2025 unha notable caída no número de contratos baixo esta modalidade; neste senso estes contratos reducíronse un 3,5% en Galicia no ano 2025 en relación aos rexistrados no ano anterior; resulta especialmente significativo que dos 1.320 contratos de fixos descontinuos menos formalizados no conxunto do Estado, 1.170 se concentren en Galicia.

**Afiados estranxeiros Galicia, España por sexo: 2024-25 <sup>(1)</sup>**

	2025					
	Galicia			España		
	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller
<b>Total</b>	74.147,0	41.748,0	32.399,0	3.027.013,5	1.718.462,3	1.308.529,0
<b>Unión Europea</b>	19.426,8	11.897,0	7.529,8	929.975,5	494.467,9	435.507,6
<b>Non Unión Europea</b>	54.720,2	29.851,0	24.869,2	2.097.038,0	1.223.994,4	873.021,3

	2024					
	Galicia			España		
	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller
<b>Total</b>	64.671,9	35.556,2	29.115,5	2.827.041,4	1.582.581,7	1.244.429,9
<b>Unión Europea</b>	18.326,5	11.251,1	7.075,4	900.644,7	478.312,2	422.332,2
<b>Non Unión Europea</b>	46.345,4	24.305,1	22.040,0	1.926.396,6	1.104.269,5	822.097,6

(1) media anual das medias mensuais

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**2.1.8.**

O número de persoas afiliadas ao réxime xeral con contrato temporal aumenta un 0,6%, acadando as 118.651 persoas afiliadas; aumentando os afiliados con contrato temporal a tempo parcial un 1% e un 0,5% os afiliados con contrato temporal a tempo completo. Este lixeiro incremento en Galicia dos afiliados con contrato temporal contrasta co descenso rexistrado de media no Estado.

O número de persoas afiliadas con nacionalidade estranxeira medrou no último ano moi por riba do incremento medio da afiliación en Galicia, cun aumento do 14,7%, (**cadro 2.1.8.**); un incremento notablemente superior ao rexistrado no conxunto do Estado (7,1%). No ano 2025 en Galicia estaban afiliadas 74.147 persoas con nacionalidade estranxeira, dos que o 73,8% non pertencen á Unión Europea, fronte ao 69,3% de media no Estado. A distribución por xénero mostra que o 56,3% dos afiliados estranxeiros son homes, fronte ao 43,7% de mulleres; unhas porcentaxes semellantes ás medias do Estado.

A distribución territorial da afiliación mostra un incremento da afiliación nas catro provincias galegas, destacando a provincia da Coruña cun aumento do 2%, o único superior ao incremento medio da Comunidade. Así mesmo, o número de persoas afiliadas experimentou un incremento nos sete principais concellos de Galicia. En termos relativos, os maiores aumentos rexistráronse en Ourense (2,5%), Ferrol (2,2%), A Coruña (1,9%) e Vigo (1,8%). Así mesmo, Santiago de Compostela, Pontevedra e Lugo presentaron subas próximas ao 1,5%.

**Emprego segundo a EPA**

En 2025 a Enquisa de Poboación Activa (EPA) en Galicia estivo marcada por unha situación excepcional: ata o terceiro trimestre empregáronse dúas mostras, a mostra xeral do Instituto Nacional de Estatística (INE) e a mostra adicional recollida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) ao abeiro dun convenio de colaboración. Esta mostra adicional consistía en 288 seccións censais extra en Galicia, que permitían recoller centos de entrevistas adicionais específicas



para a comunidade, reducindo o erro mostral e permitindo desagregacións máis finas por idade, sexo, sector económico, nivel de estudos e subdivisións territoriais (provincias e grandes municipios).

A partir do terceiro trimestre de 2025 esa mostra adicional deixou de integrarse, ao expirar o acordo entre o INE e o IGE que estaba vixente desde 2009. Esta desaparición do reforzo mostral implica que, aínda que a EPA continúe ofrecendo datos de emprego e paro con cobertura estatal, Galicia queda sen a ampliación específica de mostra que melloraba a precisión estatística na comunidade, o que pode traducirse en menor detalle para estimacións desagregadas en comparación con anos anteriores; en concreto, desagregacións que antes eran posibles, como taxas de desemprego por idade e sexo en provincias ou municipios, ocupación por sector económico en subpoboacións concretas ou combinacións de variables sociodemográficas, agora teñen menor fiabilidade ou simplemente non se publican por criterios de calidade estatística.

Tendo esta circunstancia en conta, a análise dos datos da Enquisa mostra que no ano 2025 o mercado laboral galego consolida a tendencia de mellora iniciada tras a pandemia, cun aumento da poboación activa e, sobre todo, da ocupación, acompañado dunha redución significativa do desemprego.

O crecemento da actividade explícase fundamentalmente pola maior incorporación das mulleres ao mercado laboral, mentres que a participación masculina permanece practicamente estancada. A ocupación medra de maneira máis intensa que a actividade, impulsada principalmente polo emprego feminino.

No que respecta á calidade do emprego, consolídase a tendencia cara a unha maior estabilidade contractual, cun aumento da contratación indefinida e unha nova redución da temporalidade.

En materia de desemprego, tanto os datos da EPA como os rexistrados nas oficinas de emprego reflicten unha diminución clara do paro, que afecta a ambos sexos e practicamente a todos os grupos de idade. Destaca tamén a redución do desemprego de longa duración.

En conxunto, en 2025 o mercado laboral galego rexistra un aumento do emprego, a mellora da estabilidade contractual e a redución do desemprego, aínda que continúan presentes desafíos estruturais como a baixa participación laboral e o envellecemento demográfico.

#### • Poboación activa

A poboación activa en Galicia no ano 2025 continúa coa tendencia ascendente iniciada no ano 2021, cun incremento do 1,2%, o que supón un aumento de 14.800 persoas en relación ao ano anterior, acadando así 1.277.100 persoas activas.

Este incremento prodúcese na poboación activa feminina, que compensa a caída da poboación activa masculina. Tal como se observa no **cadro 2.1.9.**, en 2025 hai 18.900 mulleres activas máis (3,1%) e 4.000 homes activos menos (-0,6%) que en 2024. Galicia de media en 2025 conta con

**Poboación maior de 16 anos 2019, 2024 e 2025: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica**

	2019			2024			2025			25/24		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	<i>(en miles de persoas)</i>						<i>(%)</i>					
<b>Total</b>	2.335,3	1.116,7	1.218,7	2.372,0	1.130,9	1.241,0	2.385,3	1.138,3	1.247,0	0,6	0,7	0,5
Activos	1.241,1	643,0	598,1	1.262,3	648,6	613,7	1.277,1	644,6	632,6	1,2	-0,6	3,1
Poboación ocupada	1.095,2	573,9	521,3	1.144,0	591,7	552,2	1.170,5	593,1	577,4	2,3	0,2	4,6
Poboación parada	145,9	69,1	76,8	118,3	56,9	61,5	106,7	51,5	55,2	-9,8	-9,6	-10,3
Parados que buscan 1º emprego	12,0	6,4	5,6	11,3	5,6	5,8	10,8	5,6	5,3	-4,4	0,0	-8,7
Poboación inactiva	1.094,3	473,6	620,6	1.109,7	482,3	627,4	1.108,1	493,8	614,4	-0,1	2,4	-2,1
<b>16-24 anos</b>												
Total	195,4	100,4	95,1	215,6	110,4	105,2	218,5	112,0	106,5	1,4	1,5	1,2
Activos	56,6	32,6	24,0	66,7	37,8	28,9	66,7	36,0	30,8	0,0	-4,9	6,4
Poboación ocupada	40,9	23,4	17,4	49,6	28,9	20,6	50,2	26,8	23,4	1,2	-7,4	13,3
Poboación parada	15,8	9,2	6,6	17,1	8,8	8,3	16,5	9,2	7,3	-3,5	4,0	-11,7
Parados que buscan 1º emprego	6,2	3,3	3,0	7,3	3,7	3,6	6,8	3,5	3,4	-6,5	-6,0	-6,9
Poboación inactiva	138,8	67,8	71,1	148,9	72,6	76,3	151,9	76,1	75,8	2,0	4,9	-0,7
<b>25-54 anos</b>												
Total	1.096,7	546,0	550,8	1.041,4	518,3	523,0	1.036,2	516,5	519,7	-0,5	-0,3	-0,6
Activos	948,6	488,6	460,1	907,5	463,1	444,3	907,7	460,4	447,4	0,0	-0,6	0,7
Poboación ocupada	841,7	439,9	401,8	829,6	426,9	402,7	838,8	427,7	411,0	1,1	0,2	2,1
Poboación parada	106,9	48,7	58,3	77,8	36,2	41,6	68,9	32,7	36,3	-10,7	-9,2	-11,8
Parados que buscan 1º emprego	5,6	3,1	2,5	4,0	1,8	2,2	3,8	2,0	1,7	-5,7	8,2	-31,7
Poboación inactiva	148,1	57,4	90,7	133,9	55,1	78,8	128,5	56,1	72,4	-3,9	1,8	-7,7
<b>≥ 55 anos</b>												
Total	1.043,2	470,3	572,9	1.115,0	502,2	612,8	1.130,6	509,8	620,8	1,4	1,5	1,3
Activos	235,8	121,8	114,0	288,2	147,7	140,5	302,8	148,2	154,6	5,1	0,4	10,0
Poboación ocupada	212,6	110,6	102,0	264,7	135,8	128,9	281,6	138,6	143,0	6,4	2,0	10,9
Poboación parada	23,2	11,2	12,0	23,5	11,9	11,6	21,2	9,7	11,5	-9,8	-18,7	-0,9
Parados que buscan 1º emprego	0,2	-	0,2	-	-	-	0,5	0,2	0,8			
Poboación inactiva	807,3	348,5	458,8	826,9	354,5	472,3	827,9	361,6	466,3	0,1	2,0	-1,3

Fonte: INE, EPA

**2.1.9.**


644.600 homes activos e 632.600 mulleres activas. No conxunto de España a poboación activa increméntase un 1,7%, acadando un incremento maior no caso das mulleres (2%), que para os homes (1,3%).

Ademais do número total de persoas activas ou da variación deste valor en relación ao ano anterior, a taxa de actividade permite analizar o peso dos activos sobre a poboación total de 16 ou máis anos. En Galicia en 2025 observamos un leve incremento da dita taxa de actividade como consecuencia de aumentos porcentualmente inferiores na poboación maior de 16 anos (0,6% máis), que no volume de poboación activa (1,2%).

A taxa de actividade aumenta no ano 2025 ata o 53,5%, tres décimas máis que no ano anterior (**gráfico 2.1.10.**). En España a taxa de actividade sitúase no 59%, dúas décimas máis que no ano anterior. Polo tanto, a diferenza entre a taxa de actividade en Galicia e España continúa en



### Taxas de actividade en Galicia e España 2008-25: distribución segundo sexos



Fonte: INE, EPA

#### ■ 2.1.10.


torno aos 5,4 puntos porcentuais. No ano 2025 Galicia segue sendo a segunda Comunidade autónoma coa taxa de actividade máis reducida do Estado, só por diante de Asturias.

Desde 2008 ata a actualidade a taxa de actividade en Galicia experimentou unha evolución diferenciada segundo o xénero, marcada por un descenso progresivo na participación masculina e un aumento paulatino da feminina. Nos últimos cinco anos, a participación masculina pasou do 57,1 % ao 56,6%, mentres que a feminina recuperouse do 47,7% ao 50,7%, acadando o seu máximo histórico.

No conxunto do Estado, a taxa de actividade masculina no ano 2025 é levemente inferior á rexistrada no ano anterior, fronte ao aumento na taxa de actividade feminina; así a taxa de actividade feminina acada o 54,4% (cinco décimas máis que no ano anterior), e a masculina o 63,8%,( unha décima menos que en 2024). A taxa de actividade masculina en Galicia no ano 2025 é a máis reducida do Estado, e a taxa de actividade feminina é a cuarta máis baixa, só por diante de Asturias, Castela e León e Extremadura.

As 14.800 persoas activas máis que a EPA rexistra en Galicia no ano 2025, distribúense de xeito desigual entre os diferentes grupos de idade e entre xéneros. En concreto, agás no grupo de homes de máis de 55 anos, os restantes grupos de idade de poboación masculina perden poboación activa en relación ao ano anterior. Pola contra, a poboación activa feminina aumenta en todos os tramos de idade.

Poboación activa: variación interanual 2022-25



Fonte: INE, EPA

2.1.11.


O **cadro 2.1.9.** mostra como no ano 2025, a poboación activa de 16 a 24 permanece estancada como consecuencia da perda de 1.900 homes activos compensados polo incremento na mesma cantidade de mulleres activas nesa franxa de idade; a poboación activa de entre 25 a 54 anos aumenta só en 200 persoas como consecuencia dun aumento de 3.100 mulleres activas máis nesta franxa de idade que permite compensar a caída de 2.700 homes activos neste grupo de idade. Por último, a poboación activa en Galicia maior de 55 anos medra en 14.600 persoas (5,1%), das que 14.100 son mulleres e 500 homes.

Analizando a evolución trimestral da poboación activa masculina e feminina, tal como se mostra no **gráfico 2.1.11.**, en 2025, a poboación activa masculina, en comparación cos mesmos trimestres do ano anterior, diminúe nos tres primeiros trimestres e só amosa recuperación no cuarto. Pola contra, a poboación activa feminina incrementa en todos os trimestres respecto a 2024, consolidando unha tendencia de crecemento ao longo do ano.

No ano 2025, tanto en Galicia como na media do Estado, en torno á metade dos novos activos rexistrados son de nacionalidade estranxeira. A poboación activa estranxeira en Galicia aumenta en 2025 un 8,1% respecto ao ano anterior (7.700 persoas máis), fronte a un incremento de tan só o 0,6% da poboación activa de nacionalidade española, con 7.100 persoas activas máis en relación ao 2024. A análise por xénero revela un incremento tanto de homes como de mulleres dentro da poboación activa estranxeira pero de moita menor intensidade no caso das mulleres (do 14,6% de homes e o 2,3% de mulleres), fronte a un descenso do 1,8% dos homes activos



### Fluxos da poboación activa (persoas que entran e saen da actividade) 2025



Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa


#### ■ 2.1.12.

de nacionalidade española e un aumento do 3,1% da poboación activa feminina con nacionalidade española. En consecuencia, o aumento da poboación activa en Galicia débese principalmente ao incremento das mulleres activas de nacionalidade española e, nun segundo plano, ao crecemento dos homes activos de nacionalidade estranxeira, que tamén contribúen de maneira relevante a esta evolución.

Para concluír a análise da poboación activa, o **cadro 2.1.12.** recolle datos da Estatística de fluxos da poboación activa orientados a examinar a evolución da poboación en relación co mercado laboral. No conxunto de 2025, unha media anual de 55.300 persoas incorporouse á poboación activa en Galicia, o que supón 900 menos ca no ano anterior. Pola súa banda, as saídas da actividade acadaron unha media de 55.075 persoas, fronte ás 52.525 rexistradas en 2024. En consecuencia, o saldo entre entradas e saídas da actividade en 2025 foi lixeiramente positivo, cunha diferenza de 225 persoas.

Tal como se observa no **cadro 2.1.12.**, o fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no ano 2025 nas 27.825 persoas, cifra un 9,1% superior á do ano anterior (2.325 persoas máis). O fluxo de saída da ocupación cara á inactividade foi de media de 28.800

Taxas de ocupación en Galicia e España 2009-25: distribución segundo sexo



Fonte: INE, EPA

### 2.1.13.

persoas, o que supón 600 persoas máis que no ano 2024. O número de persoas que estaban paradas que pasan á situación de inactividade en 2025 ascende a 26.275 persoas, 1.950 persoas máis que a media do ano anterior (8%). Así mesmo, o fluxo de entradas ao paro de persoas que eran consideradas persoas inactivas ascende a 27.475 persoas, o que supón 3.225 menos que en 2024 (-10,5%).

#### • Poboación ocupada



En Galicia, no ano 2025, a EPA cifra en 1.170.500 as persoas ocupadas, o que representa un aumento interanual do 2,3%, isto é, 26.500 persoas máis que no exercicio anterior.

O incremento de ocupación no conxunto do Estado foi tres décimas superior ao rexistrado en Galicia, acadando un incremento do 2,6% (567.200 persoas ocupadas máis). O número de horas efectivas traballadas por toda a poboación ocupada mantense estable nos dous primeiros trimestres de 2025.

A taxa de ocupación, definida como o cociente entre o número de persoas ocupadas e a poboación en idade de traballar, mantén en 2025 a tendencia crecente, situándose esta taxa de ocupación en Galicia no 49,1% (oito décimas máis que no ano anterior). A taxa de ocupación no conxunto do Estado acada no ano 2025 o 52,8%, sete décimas porcentuais superior á rexistrada no ano anterior. Galicia segue sendo a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, tan só por diante de Asturias, Extremadura e Andalucía.

O incremento da poboación ocupada en Galicia no último ano repercutiu positivamente en ambos sexos, sendo especialmente notable o incremento da poboación ocupada feminina. No

### Poboación ocupada, variación interanual 2022-25



Fonte: INE, EPA

#### 2.1.14.

ano 2025 a ocupación feminina aumenta en Galicia en 25.200 mulleres ocupadas máis (4,6% máis), sendo este incremento do 0,2% no caso dos homes, 1.300 homes ocupados máis. A variación da poboación en idade de traballar, así como da poboación ocupada, condicionan que a taxa de ocupación feminina aumente ata o 46,3%, (oito décimas máis que no anterior), descendendo a taxa de ocupación masculina en dúas décimas en relación ao ano anterior, ata o 52,1%.

A nivel estatal, a recuperación do emprego no ano 2025 é semellante á galega, pero máis homoxénea en canto á evolución por sexos, reflectindo incrementos de cinco e oito décimas nas taxas de ocupación masculina e feminina, respectivamente.

A ocupación a nivel trimestral, en comparación cos mesmos trimestres do ano anterior (**gráfico 2.1.14.**), presenta unha evolución positiva nos catro trimestres do ano 2025, observándose

Poboación ocupada en Galicia 2025: distribución segundo sectores económicos, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia/España			Galicia 25/19			Galicia 25/24		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)			(%)			(%)		
<b>Total</b>	<b>1.170,5</b>	<b>593,1</b>	<b>577,4</b>	<b>5,3</b>	<b>5,0</b>	<b>5,6</b>	<b>6,9</b>	<b>3,3</b>	<b>10,8</b>	<b>2,3</b>	<b>0,2</b>	<b>4,6</b>
<b>Ocupación</b>												
Directores e xerentes	34,7	22,6	12,1	3,7	3,8	3,5	0,1	-2,2	4,8	27,4	19,7	44,2
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	214,7	81,3	133,5	4,8	4,2	5,2	14,4	1,6	24,0	3,7	1,7	4,9
Técnicos e profesionais de apoio	147,7	83,1	64,6	5,6	5,2	6,2	23,9	9,2	49,6	5,4	2,5	9,4
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	98,9	27,0	71,9	4,5	4,0	4,8	-7,6	-21,3	-1,1	0,7	-9,5	5,1
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	259,4	84,0	175,5	5,6	4,6	6,2	6,5	1,4	9,1	5,5	2,7	6,9
Trab. cualificado no sector primario	48,5	27,7	20,8	11,1	7,9	23,8	-9,5	-12,1	-6,0	-14,2	-19,8	-5,6
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	155,0	140,1	14,9	6,4	6,3	7,4	6,7	8,9	-10,5	0,6	0,6	0,7
Operadores	94,4	77,6	16,8	5,7	5,5	7,2	5,1	3,6	12,8	-1,0	-1,1	-0,6
Ocupacións elementais	114,1	47,0	67,1	4,3	4,1	4,4	5,3	25,6	-5,4	-0,2	7,6	-5,0
Ocupacións militares	3,2	2,7	0,5	3,3	3,2	4,8	-47,5	-48,1	-45,9	-38,2	-39,0	-33,3
<b>Grupos de idade</b>												
16-24 anos	50,2	26,8	23,4	3,7	3,6	3,8	22,9	14,5	34,2	1,4	-7,5	13,5
25-34 anos	192,4	97,1	95,3	4,5	4,3	4,7	0,8	-3,4	5,5	3,8	3,2	4,3
35-44 anos	279,4	144,7	134,7	5,3	5,1	5,4	-15,2	-16,4	-13,9	-2,8	-2,3	-3,3
45-54 anos	367,0	186,0	181,0	5,7	5,4	6,0	14,1	11,7	16,7	2,8	0,6	5,2
55 e máis anos	281,6	138,6	143,0	5,8	5,4	6,4	32,4	25,3	40,2	6,4	2,0	10,9
<b>Nivel de formación acadado (1)</b>												
Analfabetos	0,8	0,8	-	1,3	2,1	-	22,2	94,1	-100,0	200,0	200,0	-
Educación primaria	26,0	15,4	10,6	3,4	3,5	3,9	-16,2	-10,6	-22,8	-7,7	-16,8	9,6
Educación secundaria	583,0	329,9	253,1	5,4	5,6	5,6	-0,3	-1,3	0,9	1,4	-0,9	4,5
Educación superior	556,6	244,0	312,6	5,3	4,8	5,7	16,3	9,9	21,8	3,3	1,9	4,4

(1) Analfabetos comprende o código 01 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos e comprende os códigos 02 e 10 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación secundaria comprende os códigos 21 a 24, e 32 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación superior comprende os códigos 51, 52, 61 a 63, 71 a 75 e 81 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Fonte: INE, EPA

## 2.1.15.

tamén no dito gráfico a diferente evolución entre a ocupación en función do xénero con taxas de crecemento da poboación ocupada feminina superiores á masculina en todos os trimestres do ano 2025.

Atendendo á evolución da poboación ocupada en función da súa idade, no ano 2025, rexístranse incrementos do emprego en todas as franxas de idade agás o descenso na poboación ocupada con idades comprendidas entre 35 e 44 anos. En concreto, tal como mostra o **cadro 2.1.15.**, a ocupación medra entre as persoas maiores de 55 anos un 6,4% respecto ao ano anterior (16.800 persoas ocupadas máis que no ano anterior), un 2,8% entre as persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos (9.900 persoas máis), no grupo de idade de 25 a 34 anos o incremento foi do 3,8% (7.000 persoas máis). E no grupo de idade de 16 a 24 anos o aumento foi dun 1,4% (700 persoas ocupadas máis). Estes incrementos vense, en parte, compensados polo descenso da poboación ocupada no grupo con idades entre 35 e 44 anos, que perde un 2,8% de poboación ocupada (8.000 persoas empregadas menos).

Analizando conxuntamente os datos de idade e xénero, tanto homes como mulleres incrementan a súa ocupación en todas as franxas de idade, agás entre as persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos e os homes de 16 a 24 anos. O incremento máis salientable en termos

### Poboación ocupada en Galicia e España 2019-25: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construción	servizos	agricultura	industria	construción	servizos
	<i>(en miles de persoas)</i>							
2019	66,7	179,4	70,1	779,0	797,3	2.763,1	1.277,9	14.941,0
2020	69,1	182,4	75,1	747,8	765,4	2.698,2	1.244,1	14.494,8
2021	67,3	170,7	72,7	774,4	802,7	2.700,2	1.291,5	14.979,3
2022	69,5	165,8	76,9	791,3	798,5	2.779,1	1.355,0	15.615,0
2023	74,1	168,2	77,3	809,0	767,3	2.814,5	1.398,0	16.202,4
2024	72,7	183,3	82,3	805,7	752,1	2.886,8	1.463,8	16.551,2
2025	66,2	192,3	78,7	833,4	763,7	3.005,5	1.530,0	16.921,9
2025-24 (%)	-8,9	4,9	-4,5	3,4	1,5	4,1	4,5	2,2
I	-13,0	12,1	-1,0	1,5	-0,5	3,2	4,3	2,3
II	-7,1	9,5	-4,9	2,8	-0,9	4,0	3,1	2,6
III	-11,1	-0,6	-13,5	5,0	1,9	5,4	5,3	1,9
IV	-3,9	-0,6	1,7	4,5	5,9	3,8	5,4	2,2

Fonte: INE, EPA

#### ■ 2.1.16.

absolutos entre as mulleres, sitúase na franxa de idade de máis de 55 anos, con 14.100 mulleres máis que no ano anterior; entre os homes o incremento absoluto máis relevante rexístrase no grupo de 25 a 34 anos con 3.000 homes ocupados máis. A perda de poboación ocupada con idades comprendidas entre 35 e 44 anos, foi de 4.600 mulleres menos e 3.400 homes ocupados menos que no ano anterior.

Resulta relevante salientar a perda de ocupación masculina na franxa entre 16 e 24 anos, unha caída de 2.200 homes ocupados que foi compensada polo incremento de 2.800 mulleres.

Analizando o número de persoas ocupadas, atendendo á desagregación segundo o seu nivel formativo (**cadro 2.1.15.**), no ano 2025 en Galicia, o 49,8% das persoas ocupadas posúen estudos secundarios ou equivalentes (583.000 persoas), sendo esta porcentaxe 1,3 puntos superior á media española (48,5%); así mesmo, o 47,5% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (556.600 persoas), porcentaxe seis décimas superior á rexistrada de media no Estado (46,9%). Tendo en conta o nivel formativo e o xénero das persoas ocupadas en Galicia no ano 2025, o peso relativo da ocupación masculina segue a ser superior á feminina no caso das persoas con estudos secundarios (56,6% dos homes ocupados fronte ao 43,4% das mulleres), fronte á poboación con estudos superiores, onde o 56,2% das mulleres ocupadas posúen esta titulación fronte ao 43,8% no caso dos homes.

En canto ao emprego por sectores, o servizos segue a ser o predominante en Galicia, con 833.400 persoas traballando neste ámbito en 2025, o que representa o 71,2% do total. No conxunto de España, esta tendencia é aínda máis marcada, xa que o 76,2% das persoas ocupadas traballan neste sector.

No 2025 en Galicia, a ocupación nos catro sectores produtivos evoluciona de modo dispar, de xeito que a industria e o sector servizos aumentan a súa ocupación, fronte á perda de emprego da agricultura e da construción en relación ao ano anterior.

A caída de ocupación no sector primario foi de 6.400 persoas ocupadas (-8,9%) e na construción a perda foi de 3.700 ocupados (-4,5%). Pola contra, o sector industrial incrementa a súa ocupación nun 4,9% en relación ao anterior o que supón 8.900 persoas ocupadas máis, e, finalmente, o sector servizos aumenta nun 3,4% o volume de ocupados (27.800 persoas ocupadas máis no sector que en 2024).

A nivel estatal, todos os sectores produtivos aumentan a ocupación. O incremento do emprego no sector industrial de media no Estado foi do 4,1%, 4,5% a construción, 2,2% o sector servizos e un 1,5% a agricultura.

A agricultura en Galicia no ano 2025 reflicte perdas de ocupación nos catro trimestres do ano, en termos interanuais, e a construción perde ocupación nos tres primeiros trimestres do ano. Destaca tamén os intensos incrementos de ocupación no sector industrial nos dous primeiros trimestres, que contrastan con perdas moderadas nos dos últimos trimestres de 2025.

Atendendo á desagregación segundo rama de actividade (**cadro 2.1.17.**), cómpre sinalar que a xa mencionada modificación da EPA impide realizar unha análise cun nivel de detalle equivalente ao que se viña efectuando anteriormente, cando a mostra específica para Galicia permitía unha maior desagregación das distintas ramas de actividade.

No que atinxe ao sector primario, non se dispón de información desagregada por ramas de actividade; en consecuencia, unicamente é posible constatar, en termos agregados, unha diminución do 8,9% da súa poboación ocupada. No ano 2025 o sector primario acolle a 66.200 persoas ocupadas, 6.400 menos que no ano anterior.

O sector industrial ocupa a 192.300 persoas en Galicia no último ano, o que supón o 16,4% da ocupación total, 2,9 puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, o emprego no sector industrial en Galicia aumenta en torno a cinco puntos porcentuais o que supón 8.900 persoas ocupadas máis. Dentro do sector industrial o aumento de emprego prodúcese nas industrias extractivas, de enerxía, subministro de auga e xestión de residuos, e nas industrias manufactureiras.

As Industrias extractivas; subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado; subministro de auga e actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación aumentan un 15,7% a súa ocupación en relación ao ano anterior, o que supón 2.500 empregos máis que en 2024. En termos absolutos o maior incremento de ocupación produciuse nas industrias manufactureiras (3,8%), o que supón 6.500 empregos máis; así, a ocupación total no subsector manufactureiro aumenta ata as 174.000 persoas, o que supón o 90,5% do emprego industrial galego.

O sector servizos incrementa en 27.800 o número de persoas ocupadas, distribuíndose este aumento de xeito desigual entre homes e mulleres, con 21.300 mulleres máis ocupadas no sector e 6.500 homes máis que no ano 2024. En termos relativos, o incremento de ocupación feminina é do 4,5% fronte ao 1,9% de aumento da ocupación masculina no sector. Así mesmo, o

## Poboación ocupada e número medio de horas efectivamente traballadas en Galicia 2025

	Poboación ocupada								
	2025			25/24			25/19		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	<i>(en miles de persoas)</i>			<i>(taxa variación interanual)</i>			<i>(taxa variación interanual)</i>		
<b>Total</b>	<b>1.170,5</b>	<b>593,1</b>	<b>577,4</b>	<b>2,3</b>	<b>0,2</b>	<b>4,6</b>	<b>6,9</b>	<b>3,3</b>	<b>10,8</b>
Sector Primario	66,2	42,9	23,4	-8,9	-9,4	-8,0	-0,7	2,4	-6,0
Industria	192,3	135,1	57,2	4,9	2,9	9,9	7,2	4,9	13,1
Industrias extractivas; suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado; suministro de auga e actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	18,3	13,3	5,0	15,7	6,9	48,9	25,2	-0,2	279,2
Industria manufacturera	174,0	121,8	52,2	3,8	2,5	7,2	5,6	5,4	5,9
Construción	78,7	70,6	8,1	-4,5	-6,0	11,0	12,2	8,8	54,5
Servizos	833,4	344,6	488,8	3,4	1,9	4,5	7,0	1,8	10,9
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	309,5	156,5	153,1	1,8	2,9	0,8	3,1	1,5	4,8
Información e comunicación	34,5	25,5	9,0	-1,9	0,7	-8,9	23,2	31,6	4,4
Actividades financeiras e de seguros	16,8	6,0	10,9	-9,5	-34,8	15,0	-9,7	-20,1	-2,5
Actividades inmobiliarias	4,9	1,5	3,3	-14,1	1,7	-20,8	26,6	-7,6	54,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas, actividades administrativas e servizos auxiliares	117,8	49,2	68,7	8,0	4,6	10,6	15,6	-1,5	32,0
Administración Pública e defensa, Seguridade social obrigatoria; educación; actividades sanitarias e de servizos sociais	271,8	85,3	186,5	6,3	4,5	7,1	11,1	2,7	15,5
Actividades artísticas, recreativas e de entretememento; fogares como empregadores domésticos e como produtores de bens e servizos para uso propio; actividades de organizacións e organismos extraterritoriais; outros servizos	78,2	20,8	57,5	1,0	-3,3	2,7	-4,5	-9,0	-2,7

## Número medio de horas efectivamente traballadas

	2024			2025	
	Total	2024/1	2024/2	2025/1	2025/2
<b>Total</b>	<b>32,2</b>	<b>32,3</b>	<b>33,7</b>	<b>32,3</b>	<b>32,5</b>
Sector Primario	35,9	33,5	35,9	38,3	35,3
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	44,3	43,2	45,4	42,9	44,7
Pesca e acuicultura	27,5	23,7	26,4	33,7	25,9
Industria	32,0	34,4	32,9	31,3	32,9
Industrias extractivas	29,2	34,0	28,5	28,3	31,0
Industria manufacturera	33,5	33,9	35,4	33,5	34,7
Enerxía, suministro de auga e xestión de residuos	33,4	35,2	34,8	32,2	32,9
Construción	34,5	35,0	35,6	34,0	34,1
Servizos	30,8	30,9	32,5	30,9	31,1
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	32,7	33,2	33,5	32,7	31,9
Transporte e almacenamento	34,3	32,3	36,4	30,6	32,5
Hostalaría	35,1	33,8	35,7	33,7	33,2
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	31,7	32,1	33,7	32,4	31,9
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	29,9	30,0	33,1	31,0	31,7
Educación	26,5	27,7	31,2	28,7	29,2
Actividades sanitarias e de servizos sociais	29,4	30,9	30,2	29,9	29,7
Resto de servizos	26,7	26,8	26,4	27,9	29,0

Fonte: IGE-INE, EPA

### 2.1.17.

comportamento por xénero é dispar entre as distintas ramas de actividade do sector servizos. O nivel de emprego feminino descende nas actividades inmobiliarias, con caídas do 8,9% e 20,8% respectivamente, o que en termos absolutos, refire unha perda en ámbalas dúas ramas de 900 mulleres ocupadas. A ocupación masculina cae fundamentalmente nas actividades financeiras e de seguros, onde se recorta un 34,8% a ocupación masculina o que supón 3.200 homes ocupados menos.

No que respecta á ocupación na construción, no ano 2025 acada un total de 78.700 persoas, un 4,5% menos que no ano anterior (3.700 persoas menos), o que representa o 6,7% da ocupación galega.

Tendo en conta a distribución da poboación ocupada segundo a súa situación profesional (**cadro 2.1.18.**), o mercado de traballo galego presenta no último ano un aumento tanto no número de persoas ocupadas por conta propia como no número de persoas asalariadas, o que reflicte a mesma tendencia observada na media estatal.

Tras o incremento no ano 2025 de 2.100 traballadores por conta propia (1%), en Galicia este grupo acada 210.900 persoas, representando o 18,1% da poboación ocupada en Galicia (14,7% en España). A poboación asalariada aumenta un 2,6%, de xeito que Galicia conta no ao 2025 con 958.800 traballadores e traballadoras por conta allea (24.000 máis que no ano anterior), o que representa o 81,9% da súa poboación ocupada, en torno a tres puntos por baixo da media española (85,2%).

Dentro da poboación ocupada por conta propia no ano 2025 en Galicia aumenta de xeito moi pronunciado o número de mulleres empregadoras, con 3.000 máis que no ano anterior, fronte á caída de 3.700 mulleres empresarias sen asalariados. No caso dos homes, cae o número de empregadores, con 300 menos que en 2024, fronte ao incremento de 2.000 homes empresarios sen asalariados máis que no ano anterior.

A diferenza do ano anterior, onde os asalariados só medraban no sector privado, no ano 2025 o incremento no emprego por conta allea responde á medra tanto das persoas asalariadas no sector privado como no público. O sector privado acada en 2025 as 757.200 persoas asalariadas, un 1,9% máis que no ano anterior, o que supón 14.300 persoas asalariadas no sector privado máis que as rexistradas no ano 2024. O número de persoas asalariadas dentro do sector público aumenta un 5,1% en relación a 2024, o que supón 9.800 persoas máis.

O intenso incremento rexistrado no número de mulleres asalariadas no sector público, así como no sector privado, repercute nunha recuperación do emprego asalariado entre as mulleres e nunha leve caída do emprego asalariado masculino. O número de mulleres asalariadas en Galicia no ano 2025 é de 490.600, 24.700 máis que no ano anterior, un 5,3% de incremento, consecuencia do aumento en 17.200 asalariadas no sector privado e de 7.600 asalariadas no sector público. O número de asalariados varóns acada en Galicia no ano 2025 os 468.200, o que supón 700 menos que en 2024, un 0,1% consecuencia do incremento en 2.100 asalariados no sector público que non compensa a caída de 2.800 asalariados no sector privado.


### Poboación ocupada en Galicia 2025: distribución segundo situación profesional

	Galicia			Galicia/España			Galicia 25/19			Galicia 25/24		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)			(%)			(%)		
<b>Total</b>	<b>1.170,5</b>	<b>593,1</b>	<b>577,4</b>	<b>5,3</b>	<b>5,0</b>	<b>5,6</b>	<b>6,9</b>	<b>3,3</b>	<b>10,8</b>	<b>2,3</b>	<b>0,2</b>	<b>4,6</b>
<b>Situación profesional</b>												
Traballadores por conta propia	210,9	124,7	86,2	6,4	5,9	7,4	-2,7	-3,2	-1,9	1,0	1,7	0,0
Empregador	66,5	38,9	27,6	7,0	5,8	9,6	1,1	-3,1	7,6	4,2	-0,8	12,2
Empresarios sen asalariados	140,1	83,6	56,5	6,3	6,0	6,8	-2,5	-2,1	-3,0	-1,1	2,5	-6,1
Membros cooperativas	1,1	0,6	0,6	4,5	4,7	5,5	-41,1	-21,9	-43,3	38,7	4,2	183,3
Axuda na empresa ou negocio familiar	3,3	1,6	1,7	4,8	5,1	4,5	-40,6	-38,0	-44,2	30,0	24,0	36,7
Asalariados	958,8	468,2	490,6	5,1	4,8	5,3	9,2	5,2	13,2	2,6	-0,1	5,3
Sector público	201,6	77,6	124,1	5,7	5,2	6,0	7,6	3,1	10,7	5,1	2,9	6,5
Sector privado	757,2	390,7	366,5	4,9	4,7	5,2	9,6	5,7	14,1	1,9	-0,7	4,9
Outra situación	1,2	0,4	0,9	16,2	17,4	17,5	500,0	100,0	-	200,0	77,8	414,3

Fonte: INE, EPA

#### ■ 2.1.18a.

### Evolución da ocupación 2021-25: distribución segundo situación profesional. Taxas de variación interanual



Fonte: INE, EPA

#### ■ 2.1.18b.

**Poboación ocupada e taxa de ocupación segundo nacionalidade 2023-25: distribución segundo sexo**

	Poboación ocupada	Por nacionalidade			
		Española	Estranxeira	Estranxeira: Unión Europea	Estranxeira: Non pertencentes a UE
<i>(miles de persoas)</i>					
<b>Total</b>					
2023	1.128,6	1.061,2	67,4	13,0	54,4
2024	1.144,0	1.068,9	75,1	17,3	57,7
2025	1.170,5	1.085,5	85,0	16,7	68,3
<b>Homes</b>					
2023	585,6	550,6	35,0	7,8	27,1
2024	591,7	556,0	35,7	8,2	27,6
2025	593,1	550,2	42,9	8,6	34,2
<b>Mulleres</b>					
2023	543,0	510,6	32,4	5,2	27,2
2024	552,3	512,9	39,4	9,2	30,2
2025	577,4	535,3	42,2	8,0	34,1
<b>Taxa de ocupación</b>					
2023	47,8	47,5	54,0	46,8	56,2
2024	48,2	47,8	54,9	54,6	55,0
2025	49,1	48,6	55,2	56,6	54,8

Nota: as persoas con dobre nacionalidade (española e outra) inclúense coas de nacionalidade española  
 Fonte: INE. EPA

**2.1.19.**

O aumento de 26.500 persoas ocupadas máis estimadas en Galicia no ano 2025, en relación ao ano anterior é consecuencia dun aumento de 8.100 ocupados con Educación Secundaria ou semellante acreditada. No que respecta á ocupación das persoas con estudos primarios, no ano 2025 hai 2.200 ocupados menos con este nivel de formación, o que supón un descenso en termos relativos do 7,7%.

No que á nacionalidade das persoas ocupadas se refire, no ano 2025 en Galicia dos 26.500 ocupados máis en relación ao ano anterior, 16.600 son nacionais e 10.000 estranxeiros. En termos relativos os ocupados con nacionalidade española aumentan un 1,6% en relación a 2024, fronte ao incremento do 13,3% dos ocupados con nacionalidade estranxeira.

Tanto en termos relativos como absolutos, cabe destacar o incremento da ocupación estranxeira masculina que rexistra un crecemento do 20% en termos interanuais (7.200 homes estranxeiros ocupados máis que en 2024), a ocupación entre as mulleres con nacionalidade estranxeira medra un 7,1% (2.800 persoas máis). En termos relativos, a porcentaxe de crecemento da poboación ocupada con nacionalidade española está en torno ao 22,4% para as mulleres fronte á caída do 5,8% no número de homes ocupados con nacionalidade española.

**Temporalidade e duración da xornada de traballo**

A dinámica do mercado de traballo pódese entender a través de factores clave como a duración da xornada laboral, a estabilidade no emprego e os distintos modelos de contratación. A distribución da poboación ocupada estimada pola EPA en Galicia no ano 2025, segundo tipo de con-



**Persoas asalariadas e taxa de temporalidade en Galicia e España 2024-25:  
distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo**

**2025**

	Contrato indefinido	Contrato temporal	Total	Taxa de temporalidade		
				sector público	sector privado	Total
	<i>(en miles de persoas)</i>			<i>(%)</i>		
<b>Galicia</b>	<b>826,1</b>	<b>132,7</b>	<b>958,8</b>	<b>26,7</b>	<b>10,4</b>	<b>13,8</b>
Homes	417,2	51,0	468,2	19,0	9,3	10,9
Mulleres	408,9	81,7	490,6	31,6	11,6	16,7
<b>España</b>	<b>16.038,1</b>	<b>2.898,1</b>	<b>18.936,2</b>	<b>27,4</b>	<b>12,5</b>	<b>15,3</b>
Homes	8.473,6	1.283,0	9.756,6	22,5	11,5	13,1
Mulleres	7.564,5	1.615,2	9.179,6	30,9	13,7	17,6

**2024**

	Contrato indefinido	Contrato temporal	Total	Taxa de temporalidade		
				sector público	sector privado	Total
	<i>(en miles de persoas)</i>			<i>(%)</i>		
<b>Galicia</b>	<b>785,9</b>	<b>149,0</b>	<b>934,8</b>	<b>31,0</b>	<b>12,0</b>	<b>15,9</b>
Homes	409,9	59,0	468,9	22,3	10,7	12,6
Mulleres	376,0	90,0	465,9	36,7	13,5	19,3
<b>España</b>	<b>15.509,8</b>	<b>2.929,9</b>	<b>18.439,8</b>	<b>28,8</b>	<b>12,8</b>	<b>15,9</b>
Homes	8.235,7	1.291,3	9.527,1	22,6	11,8	13,6
Mulleres	7.274,1	1.638,6	8.912,7	33,5	13,9	18,4

Nota: Os empregados públicos correspóndense cos asalariados, pero non os privados. O emprego privado é a diferenza entre o total de ocupados e os asalariados do sector público, éste comprende: asalariados do sector privado, empregadores, traballadores independentes e empresarios sen asalariados, membros de cooperativas e outra situación profesional  
Fonte: INE, EPA

**2.1.20.**

trato e sector (**cadro 2.1.20.**), reflicte unha medra do número de persoas asalariadas con contrato indefinido do 5,1% (40.200 persoas máis) fronte ao descenso do 11% estimado entre aqueles con contratos temporais (16.300 persoas menos). O mercado laboral español presenta taxas de variación interanuais máis moderadas que as galegas tanto no que respecta ao incremento no número de persoas asalariadas con contratos indefinidos (3,4%), así como cunha menor caída no caso dos contratos temporais (-1,1%).

O número de persoas asalariadas con contratos temporais redúcese tanto en mulleres como en homes máis cunha intensidade diferente: no caso das mulleres o descenso é do 9,2% (8.300 mulleres asalariadas menos con contrato temporal) fronte á caída do 13,6% no caso dos homes (8.000 asalariados temporais menos).

Do mesmo xeito, no caso dos asalariados con contratos indefinidos, no ano 2025 o incremento prodúcese tanto para homes como para mulleres, sendo a contratación indefinida de homes máis moderada tanto en termos absolutos como relativos, con 7.300 homes e 32.900 mulleres asalariados de duración indefinida máis que no ano 2024, sendo este aumento en termos relativos do 1,8% en homes e do 8,7% en mulleres.

**Poboación ocupada en Galicia e España 2025: distribución segundo tipo de xornada de traballo**

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(en miles de persoas)</i>					
Galicia	1.011,9	158,6	552,6	40,5	459,3	118,2
España	19.181,8	3.039,3	11.049,7	820,9	8.132,2	2.218,4

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
	<i>(taxa de variación interanual %)</i>					
Galicia	2,2	2,9	0,0	3,2	5,0	2,7
España	2,5	3,6	2,2	4,6	2,9	3,2

Fonte: INE, EPA

**2.1.21.**

Como consecuencia da evolución do tipo de contrato, un ano máis, a taxa de temporalidade en Galicia cae ata o 13,8%, 1,1 puntos porcentuais inferior á rexistrada en 2024, e inferior tamén á estimada para o conxunto do España. A pesar da caída da temporalidade nos dous xéneros, a taxa de temporalidade segue sendo superior no caso das mulleres, situándose no 10,9% e no 16,7%, para homes e mulleres respectivamente, sendo inferior á media estatal en ámbolos dous casos.

Atendendo á distribución segundo sector, a sinalada caída da temporalidade prodúcese tanto no ámbito privado como no público. Mentres que a taxa de temporalidade no sector público cae ata o 26,7%, 3,3 puntos porcentuais menos que no ano anterior, no sector privado a taxa de temporalidade se sitúa no ano 2025 en Galicia no 10,4%, 1,6 puntos menos que no ano anterior.

A distribución da poboación ocupada en función da súa xornada de traballo mostra no ano 2025 en Galicia un incremento da poboación ocupada tanto a tempo completo como a tempo parcial (**cadro 2.1.21.**).

No ano 2025, a poboación ocupada a tempo completo en Galicia é de 1.011.900 persoas, un 2,2% máis que no anterior, e a poboación ocupada a tempo parcial acada as 158.600 persoas, un 2,9% máis que en 2024. De media no conxunto do Estado, a poboación ocupada a tempo completo presenta taxas de variación interanual inferiores ás da ocupación a tempo parcial, con incrementos respectivamente do 2,5% e do 3,6%. Por tanto, o peso relativo dos ocupados a tempo parcial na poboación ocupada galega mantense estable no 13,5% (13,7% no conxunto do Estado), polo que as persoas ocupadas a tempo completo supoñen o 86,5 % do total en Galicia, 86,3% na media do Estado.

Tanto en Galicia como na media do Estado, a ocupación a tempo parcial está moi feminizada,

### Contratos de traballo rexistrados en Galicia 2019-25: distribución segundo modalidade e duración do contrato

	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo	Indefinidos	Conversións a indefinidos	Temporais
2019	1.086.232	62,8	36,5	0,7	4,3	4,0	91,7
2020	749.217	65,8	33,3	0,8	4,8	4,4	90,9
2021	918.214	64,8	34,4	0,8	4,8	5,0	90,2
2022	845.243	60,8	31,5	7,7	23,8	8,1	68,1
2023	724.405	60,8	31,6	7,6	28,6	3,7	67,7
2024	723.577	60,5	32,6	6,9	27,8	3,5	68,6
2025	735.687	59,5	33,7	6,8	27,4	3,2	69,4

Fonte: IGE, *Movemento laboral rexistrado*.

#### ■ 2.1.22.

de xeito que 7,5 de cada dez persoas ocupadas en Galicia a tempo parcial son mulleres; sendo o peso relativo en Galicia das mulleres no emprego a tempo completo do 45,4% do total.

En 2025, en Galicia, hai un total de 118.200 mulleres traballando a tempo parcial, o que supón un incremento de 3.200 en comparación co ano anterior (un 2,7% máis). Pola súa banda, os homes suman 40.500 traballadores a tempo parcial, 1.300 máis que o ano anterior (un 3,2% de aumento). En canto ao emprego a tempo completo, o número de mulleres crece un 5%, alcanzando as 459.300 traballadoras (22.000 máis que o ano anterior), mentres que o número de homes con contrato a tempo completo mantense estable, con 552.600 persoas, sen variación respecto ao ano previo.

### Fluxos de entrada no mercado de traballo. Contratacións

En Galicia, no ano 2025 rexistráronse un total de 735.687 contratos, o que supón un incremento do 1,7% respecto ao ano anterior, é dicir, arredor de doce mil contratos máis asinados. Este aumento explícase case na súa totalidade polo repunte da contratación temporal, que compensa a estabilidade na modalidade de contratación indefinida.

No último ano a contratación temporal representa o 69,4% da contratación total, sete décimas porcentuais máis que no ano anterior, mentres que a contratación indefinida reduce o seu peso en catro décimas en relación ao ano anterior, acadando o 27,4% en 2025.

Do total de contratos rexistrados, 711.801 corresponden a contratos iniciais (510.474 contratos temporais e 201.327 de duración indefinida) e os restantes 23.886, a contratos convertidos en indefinidos. A evolución da contratación no conxunto de España presenta un aumento do total de contratos do 1,5% de media (1,7% en Galicia), cunha leve caída dos contratos indefinidos asinados (-0,1% no Estado e mesma contía que o ano anterior en Galicia) e un leve aumento na contratación temporal (3% no Estado e 2,8% en Galicia).

Dentro da contratación inicial indefinida, os homes, con 109.409 contratos, asinan o 54% do

Contratos de traballo rexistrados en Galicia e España 2025: distribución segundo tipo

	Total		Homes		Mulleres		Galicia / España	25/24	
	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)	(%)		Galicia	España
<b>Contratos de duración indefinida</b>	<b>202.439</b>	<b>27,5</b>	<b>109.409</b>	<b>29,1</b>	<b>93.030</b>	<b>25,9</b>	<b>3,4</b>	<b>0,0</b>	<b>-0,1</b>
Indefinido ordinario	201.327	27,4	108.757	28,9	92.570	25,7	3,3	0,0	-0,1
Indefinido persoas con discapacidade	1.112	0,2	652	0,2	460	0,1	7,8	-4,5	-6,1
<b>Contratos de duración temporal</b>	<b>509.362</b>	<b>69,2</b>	<b>254.159</b>	<b>67,6</b>	<b>255.203</b>	<b>71,0</b>	<b>5,5</b>	<b>2,8</b>	<b>3,0</b>
Eventual segundo circunstancias da produción	383.920	52,2	196.012	52,1	187.908	52,3	5,7	1,1	3,1
Mellora ocupabil. Inserción laboral	3.196	0,4	1.877	0,5	1.319	0,4	1,3	-22,0	-0,7
Financiación fondos europeos	1.600	0,2	1.080	0,3	520	0,1	9,5	-4,0	-15,4
Artistas e pers. Técnico ou auxiliar	43.087	5,9	27.330	7,3	15.757	4,4	8,7	32,9	20,7
Substitución	69.225	9,4	22.872	6,1	46.353	12,9	4,8	3,5	2,4
Temporais pers. discapacidade	1.123	0,2	663	0,2	460	0,1	5,3	1,2	1,4
Relevo	114	0,0	53	0,0	61	0,0	2,8	-49,6	-53,5
Xubilación parcial	946	0,1	712	0,2	234	0,1	4,2	-9,0	-7,6
Substitución por xubilación aos 64 anos	2	0,0	0	0,0	2	0,0	1,6	0,0	11,2
Obtención práctica profesional	2.511	0,3	1.390	0,4	1.121	0,3	5,9	-7,2	-2,1
Formación en alternancia	1.201	0,2	659	0,2	542	0,2	2,5	-62,6	-11,6
Persoal investigador doutorando	59	0,0	38	0,0	21	0,0	5,5	-42,2	7,3
Investigador predoutoral en formación	393	0,1	175	0,0	218	0,1	5,5	-2,5	15,7
Deportistas profesionais	705	0,1	579	0,2	126	0,0	7,4	25,0	39,5
Docente Invest. Universidade	83	0,0	45	0,0	38	0,0	2,8	453,3	264,2
Outros contratos	1.197	0,2	674	0,2	523	0,1	1,3	0,7	-32,8
<b>Contratos convertidos en indefinidos</b>	<b>23.886</b>	<b>3,2</b>	<b>12.567</b>	<b>3,3</b>	<b>11.319</b>	<b>3,1</b>	<b>5,8</b>	<b>-6,6</b>	<b>-7,2</b>
<b>Total contratos</b>	<b>735.687</b>	<b>100</b>	<b>376.135</b>	<b>100</b>	<b>359.552</b>	<b>100</b>	<b>4,7</b>	<b>1,7</b>	<b>1,5</b>

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.23.

conxunto de contratos indefinidos rexistrados en Galicia no ano 2025, acadando as mulleres o 46% restante, con 93.030 contratos. Os homes aumentan nun 0,4% o número de contratos indefinidos fronte á caída do 0,5% no caso da contratación indefinida de mulleres.

En 2025 a distribución por idades dos contratos indefinidos asinados en Galicia mostra como case 3 de cada dez contratos indefinidos son asinados por persoas maiores de 45 anos, asinando o grupo de menores de 25 anos, o 21% dos contratos indefinidos.

En relación coa duración da xornada laboral dos contratos indefinidos ordinarios iniciais asinados, o 47,6% formalizáronse a xornada completa, o 28,6% a tempo parcial e o 23,8% restante como fixos discontinuos. A análise por sexo evidencia unha diferenza significativa, o 57,9% dos contratos indefinidos asinados por homes son a xornada completa, fronte ao 35,4% no caso das mulleres. Pola contra, a contratación a tempo parcial representa o 40% entre as mulleres, mentres que entre os homes se sitúa no 19%.

No que respecta á contratación temporal, tal como se mostra no **cadro 2.1.23.**, no conxunto do ano 2025 asináronse un total de 509.362 contratos, o que representa o 69,2% do total de contratos asinados na Comunidade Autónoma. Do total de contratos de carácter temporal, 254.159 foron asinados por homes e 255.203 por mulleres, o que amosa unha distribución

### Contratos iniciais temporais segundo duración do contrato 2024-25

	2025			2024			25/24
		(%)	(%)		(%)	(%)	
<b>Total</b>	<b>681.437</b>	<b>100</b>		<b>673.245</b>	<b>100</b>		<b>1,2</b>
<b>Indefinidos</b>	<b>215.268</b>	<b>31,6</b>		<b>213.072</b>	<b>31,6</b>		<b>1,0</b>
<b>Temporais</b>	<b>466.169</b>	<b>68,4</b>	<b>100</b>	<b>460.173</b>	<b>68,4</b>	<b>100</b>	<b>1,3</b>
<b>Menos de 1 semana</b>	183.189	26,9	39,3	185.015	27,5	40,2	-1,0
<b>De 1 semana a 1 mes</b>	94.194	13,8	20,2	92.985	13,8	20,2	1,3
<b>De 1 a 6 meses</b>	121.655	17,9	26,1	114.191	17,0	24,8	6,5
<b>De 6 meses a 1 ano</b>	6.610	1,0	1,4	8.477	1,3	1,8	-22,0
<b>Máis de 1 ano</b>	1.358	0,2	0,3	1.681	0,2	0,4	-19,2
<b>Indeterminado</b>	59.163	8,7	12,7	57.824	8,6	12,6	2,3

Nota: A clasificación dos contratos faise segundo de residencia do traballador independentemente de que o contrato se rexistrase dentro da Comunidade galega ou fóra dela

Fonte: IGE, *Movemento laboral rexistrado*.

#### ■ 2.1.24.

practicamente equilibrada por sexo. En termos interanuais, obsérvase un incremento da contratación temporal en ambos os dous colectivos, cunha taxa de variación do 3,3% no caso dos homes e do 3,1% no das mulleres respecto ao ano anterior.

Dentro da contratación temporal, o contrato eventual segundo circunstancias da produción constitúe a modalidade máis utilizada, con 383.920 contratos formalizados, o que representa case oito de cada dez contratos temporais asinados en Galicia no ano 2025. Esta figura contractual está destinada a atender incrementos ocasionais e imprevisibles da actividade ou oscilacións da demanda que xeran un desaxuste temporal de persoal e pode, así mesmo, empregarse para dar cobertura a situacións ocasionais previsibles e de duración reducida dentro dos límites establecidos pola normativa vixente.

A distancia dos contratos eventuais, están moi lonxe os contratos de substitución, con 69.225 contratos asinados (13,6% do total de contratos temporais asinados). Os contratos de substitución destínanse a cubrir temporalmente un posto de traballo ocupado por outra persoa traballadora e presentan unha diferenza importante entre homes e mulleres xa que representan o 9% da contratación temporal masculina fronte ao 18,2% da feminina.

Tendo en conta o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de persoas asalariadas temporais, calculamos o índice de rotación laboral, que aumenta cinco décimas en Galicia, situándose nos 3,8 contratos por persoa asalariada temporal, aumentando tamén este índice no conxunto do Estado ata os 3,2 contratos (3 contratos en 2024). O índice de rotación en 2025 é superior no caso dos homes, acadando en Galicia os 3,1 contratos por muller asalariada temporal, fronte aos 5 contratos para os homes.

Atendendo á duración dos contratos, e tendo en conta que se usan datos da estatística de movemento laboral rexistrado do IGE e na que a clasificación dos contratos faise segundo a residencia do traballador independentemente de que o contrato se rexistrase dentro da Comunidade galega ou fóra dela (**cadro 2.1.24.**), os contratos temporais máis numerosos en

**Contratos iniciais de traballo en Galicia e España 2025: distribución segundo actividade económica**

	Galicia		España		Galicia/ España
	(% / total)		(% / total)		(%)
<b>Sector primario</b>	<b>22.532</b>	<b>3,2</b>	<b>1.587.903</b>	<b>10,4</b>	<b>1,4</b>
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	22.532	3,2	1.587.903	10,4	1,4
<b>Industria</b>	<b>101.535</b>	<b>14,3</b>	<b>1.632.436</b>	<b>10,7</b>	<b>6,2</b>
Industrias extractivas	321	0,0	5.261	0,0	6,1
Industria manufacturera	95.830	13,5	1.505.674	9,9	6,4
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	391	0,1	7.267	0,0	5,4
Subm. auga, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	4.993	0,7	114.234	0,7	4,4
<b>Construción</b>	<b>26.674</b>	<b>3,7</b>	<b>806.196</b>	<b>5,3</b>	<b>3,3</b>
<b>Servizos</b>	<b>560.996</b>	<b>78,8</b>	<b>11.204.808</b>	<b>73,6</b>	<b>5,0</b>
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor	89.723	12,6	1.744.840	11,5	5,1
Transporte e almacenamento	63.741	9,0	980.586	6,4	6,5
Hostalería	138.406	19,4	2.528.146	16,6	5,5
Información e comunicación	22.479	3,2	597.442	3,9	3,8
Actividades financeiras e seguros	3.763	0,5	82.318	0,5	4,6
Actividades inmobiliarias	950	0,1	45.184	0,3	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	18.702	2,6	416.463	2,7	4,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	61.648	8,7	1.400.267	9,2	4,4
Administración pública, defensa e Seguridade Social Obligatoria	10.470	1,5	396.569	2,6	2,6
Educación	24.435	3,4	550.329	3,6	4,4
Actividades sanitarias e servizos sociais	41.233	5,8	1.148.018	7,5	3,6
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	60.915	8,6	890.242	5,8	6,8
Outros servizos	13.768	1,9	223.296	1,5	6,2
Actividades do fogar	10.677	1,5	199.687	1,3	5,3
Actividades de organización e organismos extra-territoriais	86	0,0	1.421	0,0	6,1
<b>Total</b>	<b>711.737</b>	<b>100</b>	<b>15.231.343</b>	<b>100</b>	<b>4,7</b>

Nota: Contratos según a localidade do centro de traballo.

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

**2.1.25.**

2025 son os contratos por menos dunha semana, que concentran o 39,3% dos contratos temporais e o 26,9% da contratación inicial total en Galicia. Séguelle en importancia os contratos cunha duración entre 1 e 6 meses, que representan o 26,1% dos contratos temporais, aumentando significativamente estes contratos, un 6,5% en relación ao ano anterior, fronte á caída do 1% dos contratos de menos dunha semana. Esta evolución mantén a estrutura do mercado, no senso de que case 6 de cada dez contratos asinados en Galicia no ano 2025 teñen unha duración menor a 6 meses, e catro de cada dez contratos son por menos dun mes.

Atendendo aos sectores de actividade, tal como se mostra no **cadro 2.1.25.**, o 78,8% do total de contratos iniciais son asinados no sector servizos (560.996 contratos), seguido da industria co 14,3% do total (101.535 contratos), da construción co 3,7%, e do sector primario cunha porcentaxe do 3,2% (26.674 e 22.532 contratos, respectivamente).

Todos os sectores de actividade económica en Galicia aumentan o volume de contratación en relación ao ano anterior. Tanto en termos relativos como absolutos, o sector primario é o sector que presenta un aumento máis leve cun 0,5% (122 contratos máis). A industria é o sector onde aumentan máis os contratos en termos relativos, cun 2,8% máis (2.750 contratos máis), e o sector servizos é onde máis aumenta o número de contratos totais con 10.207 máis que en

2024 (1,9%); finalmente a construción aumenta nun 2,6% o seu volume de contratación que supón 667 contratos máis que en 2024.

Como se indicou previamente, o sector servizos concentra case oito de cada dez contratos en Galicia. Dentro deste ámbito, destaca a relevancia da contratación eventual por circunstancias da produción, que supón o 52% das altas iniciais do sector e o 76% do total de contratos desta modalidade rexistrados na comunidade. Unha tendencia similar obsérvase na industria, onde este contrato tamén é maioritario ao representar o 73% das firmas de 2025. Pola contra, na construción e no sector primario predominan os contratos indefinidos, que supoñen o 65% e o 56% do total inicial en cada caso.

Desagregando a nivel de rama de actividade, a hostalaría segue sendo a actividade que concentra o maior número de contratos, con 138.406, o 19,4% das contratacións iniciais galegas, seguida da industria manufactureira que rexistra un total de 95.830 contratos (13,5%). A continuación, estarían as actividades de comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor, con 89.723 contratos (12,6%) e as actividades de transporte e almacenamento, con 63.741 contratos (9%).

Finalmente, o peso da contratación inicial de Galicia no conxunto do Estado mantense estable no 4,7% durante o ano 2025. Non obstante, diversas ramas de actividade sitúanse notablemente por riba desta media estatal, destacando especialmente as actividades artísticas, recreativas e de entretemento (6,8%), o transporte e almacenamento (6,5%) e a industria manufactureira, que representa o 6,4% do total nacional.



### Expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE)

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o número total de solicitudes de ERTE aprobadas no conxunto do ano 2025 acumuladas a 31 de decembro ascendeu a 278, fronte ás 369 do ano anterior, en tanto que o número de persoas traballadoras afectadas se sitúa en 11.555 (9.305 en 2024) (**gráfico 2.1.26.**).

Dende un punto de vista sectorial, **cadro 2.1.27.**, segundo os datos de ERTes correspondentes ao ano 2025 acumulados a 31 de decembro, a rama de actividade con maior número de solicitudes de ERTE de forza maior tramitadas e aprobadas é, un ano máis, a pesca e acuicultura (CNAE 3), que concentra o 40,6% das solicitudes totais (113). A rama de fabricación de vehículos a motor, remolques e semirremolques (CNAE 29) é a que concentra un maior número de persoas traballadoras afectados por ERTes de forza maior, con 361 afectados.

En relación ás solicitudes e traballadores protexidos por un ERTE por razóns económicas, técnicas, organizativas e de produción, un total de 9 solicitudes tramitadas en 2025 corresponden á fabricación de vehículos a motor, remolques e semirremolques (CNAE 29) que afectaron a 6.297 traballadores, o que representa o 54,5% do total de traballadores afectados por ERTes.

**Expedientes de regulación temporal de empleo 2025: solicitudes aprobadas e traballadores afectados**



Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

**2.1.26.**



## Expedientes de regulación temporal de emprego 2025: distribución segundo principais ramas de actividade

### ERTE por Forza Maior

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados	
	(número)	(%)	(número)	(%)
3 Pesca e acuicultura	113	40,6	262	2,3
56 Servizos de comidas e bebidas	14	5,0	84	0,7
46 Comercio por xunto e intermediarios, agás vehículos de motor e motocicletas	3	1,1	13	0,1
29 Fabricación de vehículos a motor, remolques e semirremolques	2	0,7	361	3,1
<b>Subtotal</b>	<b>132</b>	<b>47</b>	<b>720</b>	<b>6,2</b>
<b>Total xeral</b>	<b>278</b>	<b>100</b>	<b>11.555</b>	<b>100</b>

### ERTE por razóns Económicas, Técnicas, Organizativas e de Producción

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados	
	(número)	(%)	(número)	(%)
56 Servizos de comidas e bebidas	12	4,3	101	0,9
29 Fabricación de vehículos a motor, remolques e semirremolques	9	3,2	6.297	54,5
52 Depósito, almacenxe e actividades auxiliares do transporte	6	2,2	253	2,2
28 Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p.	6	2,2	109	0,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	5	1,8	400	3,5
96 Servizos persoais	2	0,7	675	5,8
<b>Subtotal</b>	<b>40</b>	<b>14,4</b>	<b>7.835</b>	<b>67,8</b>
<b>Total xeral</b>	<b>278</b>	<b>100</b>	<b>11.555</b>	<b>100</b>

Fonte: Consellería de Emprego e Comercio e Emigración

## 2.1.27.

### Poboación parada

Tal como se sinalou na introdución deste capítulo, a resolución do convenio de colaboración entre o IGE e o INE determina a supresión da ampliación da mostra da Enquisa de Poboación Activa (EPA) no ámbito territorial de Galicia. Desde unha perspectiva técnica, esta medida comporta un incremento do marxe de erro e unha perda de significación estatística na desagregación de variables. Como consecuencia directa no que respecta aos datos sobre poboación parada, deixarán de publicarse datos oficiais relativos á poboación parada en niveis infraprovinciais, comarcas e concellos, así como o detalle de colectivos específicos con escasa presenza mostral, tales como os parados de moi longa duración ou subsectores económicos minoritarios. A información dispoñible restrinxirase, polo tanto, aos agregados autonómicos e provinciais que permite a mostra básica estatal.

A poboación parada ou desempregada estimada segundo a EPA serán fundamentalmente, todas as persoas de 16 ou máis anos que reúnan simultaneamente as seguintes condicións:

- Estar sen traballo, é dicir, que non tivesen un emprego por conta allea nin por conta propia durante a semana de referencia.
- Estar buscando traballo, é dicir, que buscasen activamente un traballo por conta allea

- ou fixesen xestións para establecerse pola súa conta durante o mes anterior.
- Estar dispoñibles para traballar, é dicir, en condicións de comezar a traballar nun prazo de dúas semanas a partir do domingo da semana de referencia.

A poboación parada estimada pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) en Galicia descende no último ano ata as 106.700 persoas, das que 55.200 son mulleres (51,7%) e 51.500 son homes (48,3%). O desemprego redúcese un 9,8% (11.700 persoas menos); un descenso, que, a diferenza do ano anterior, é considerablemente maior que no conxunto do Estado que registrou un 5,9% de paro estimado menos que no ano anterior.

Polo que respecta á distribución por xénero, os datos reflicten unha melloría xeral no mercado laboral. Esta tendencia á baixa no desemprego favorece a ambos colectivos, aínda que se manifesta con maior intensidade entre as mulleres, tanto en valores absolutos como relativo. A poboación parada feminina baixou no ano 2025 en 6.300 persoas, sendo esta caída de 5.500 persoas no caso dos homes. Atendendo aos valores das taxas de paro, entre as mulleres esta taxa foi sete décimas superior á dos homes, situándose no 8,7% para as mulleres e no 8% para os homes. O diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 11,9%, 2,6 puntos máis elevada que a taxa de desemprego masculina no ano 2025.

A nivel provincial, Pontevedra e Ourense rexistran taxas de paro superiores á media galega, con valores de 10% e 9,5% de paro, respectivamente. As provincias de Lugo e A Coruña rexistran taxas inferiores á media galega (6,3% e 7,2% respectivamente). Agás en Lugo, a taxa de paro feminina é superior á masculina en todas as provincias. A provincia de Pontevedra presenta a taxa de desemprego feminina máis elevada (10,4%) e A Coruña acada o maior diferencial entre as taxas masculina e feminina con 1,3 puntos.

En relación á desagregación segundo grupos de idade (**cadro 2.1.28.**), no ano 2025 redúcese o volume de paro en todos os grupos de idade, destacando a caída do paro na franxa de idade de 45 a 54 anos, con 3.200 persoas paradas menos, así como o descenso en termos relativos do 12,3% da poboación parada de entre 35 a 44 anos.

Esta evolución no número de desempregados explica que a taxa de paro nos menores de 25 anos diminúa ata o 24,9% en Galicia, nove décimas menos que no ano anterior. Doutra banda, a taxa de desemprego nos maiores de 25 anos redúcese ata o 7,5%, un punto porcentual menos que no ano anterior.

Se temos en conta as idades intermedias, a evolución das taxas de paro en relación ao ano anterior entre os menores de 25 anos non é homoxénea. Neste senso, a taxa de paro das persoas máis novas, de 16 a 19 anos, ascende ata o 44,5%, 6,5 puntos máis que en 2024, ampliándose a diferenza coa media estatal, que se sitúa no 37%, 3,7 puntos menos que no ano anterior.

A desagregación das taxas de paro en función do nivel formativo mostra que no ano 2025, ao igual que nos anos anteriores, tan só as persoas con estudos superiores presentan unha taxa

## Poboación parada 2025: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Galicia			Galicia / España			25/24			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(%)			(en miles de persoas)			(%)		
<b>Total</b>	<b>106,7</b>	<b>51,5</b>	<b>55,2</b>	<b>4,1</b>	<b>4,2</b>	<b>4,0</b>	<b>-11,7</b>	<b>-5,4</b>	<b>-6,3</b>	<b>8,4</b>	<b>8,0</b>	<b>8,7</b>
<b>Nivel de formación acadado</b>												
Analfabetos	-	-	-	-	-	-	-0,5	-0,1	-0,4	-	-	-
Estudios primarios incompletos	1,3	1,7	0,3	2,5	5,2	1,4	0,7	1,5	-0,2	23,9	29,4	5,7
Estudios primarios	6,3	3,4	3,0	3,3	3,4	3,1	-1,0	-1,5	0,5	19,6	18,0	22,0
Educación secundaria, primeira etapa	34,4	19,1	15,2	3,7	4,0	3,3	-5,1	-2,3	-2,9	10,5	9,8	11,6
Educación secundaria, segunda etapa con orientación xeral	15,5	8,0	7,6	3,9	4,4	3,5	-0,3	0,4	-0,6	9,7	9,9	9,5
Educación secundaria, segunda etapa con orientación profesional	14,4	7,2	7,2	4,8	5,2	4,5	-1,4	-1,1	-0,4	8,9	8,0	10,1
Educación superior	34,7	12,7	22,1	4,9	4,5	5,2	-4,2	-2,0	-2,3	5,9	4,9	6,6
<b>Grupos de idade</b>												
16 - 24 anos	16,5	9,2	7,3	3,6	3,8	3,4	-0,6	0,3	-0,9			
25 - 34 anos	24,3	13,5	10,8	4,4	4,7	4,0	-2,8	-0,2	-2,5			
35 - 44 anos	20,9	9,1	11,9	4,1	4,1	4,0	-2,9	-2,0	-0,9			
45 - 54 anos	23,7	10,1	13,7	4,2	4,3	4,1	-3,2	-1,3	-1,9			
55 anos e máis	21,2	9,7	11,5	4,1	4,2	4,0	-2,3	-2,2	-0,1			
<b>Tempo de procura de emprego</b>												
Xa atopou emprego	8,2	4,1	4,0	4,1	4,4	3,8	-1,1	0,0	-1,1			
Menos de 1 mes	9,8	5,3	4,5	4,1	4,6	3,6	-0,1	0,8	-0,9			
De 1 mes a menos de 3 meses	20,4	9,7	10,7	4,3	4,3	4,3	-2,1	-0,2	-1,9			
De 3 meses a menos de 6 meses	15,3	8,1	7,2	4,3	4,7	3,9	-0,2	1,0	-1,3			
De 6 meses a menos de 1 ano	16,0	6,2	9,8	4,2	3,5	4,8	-0,9	-2,2	1,2			
De 1 ano a menos de 2 anos	14,7	6,8	7,9	3,9	3,9	4,0	-1,6	-2,2	0,6			
2 anos ou máis	22,3	11,2	11,1	3,8	4,4	3,3	-5,5	-2,6	-2,9			

Fonte: INE, EPA

### 2.1.28.

de paro inferior á media galega, situándose no 5,9%, 2,5 puntos porcentuais por baixo da media galega e oito décimas menos do estimado no ano anterior.

Á marxe do fenómeno do analfabetismo, hoxe limitado a un sector moi minoritario da poboación, as taxas de paro máis elevadas obsérvanse no grupo de persoas que posúen como máximo estudos primarios, co 19,6%. Entre as persoas cuxo nivel de estudos sexa a primeira etapa da educación secundaria, a taxa de paro baixa ata o 10,5%, nove décimas menos que no ano anterior.

No que atinxe ao tempo utilizado na procura de emprego e á incidencia do desemprego de longa duración, os datos reflectidos no devandito **cadro 2.1.28.** mostran un descenso importante no número de persoas desempregadas que levaban máis dun ano en situación de desemprego; neste senso o número de persoas nesta situación descende en 7.100, polo que o as persoas desempregadas de longa duración (máis dun ano) pasan de representar o 37,3% das persoas desempregadas en 2024 ao 34,7% no ano 2025. A incidencia do desemprego de longa duración é semellante entre os homes (35%) e entre as mulleres (34,4%).

Dentro do denominado desemprego de longa duración, a situación máis preocupante é a das persoas que levan máis de dous anos na procura de emprego. En Galicia en 2025 hai 22.300


**Taxas de paro en Galicia e España 2019-25: distribución segundo grupos de idade**

	2019	2023	2024	2025	25/24
	(%)				(en puntos %)
<b>Menores de 25 anos</b>					
Galicia	27,8	24,6	25,8	24,9	-0,9
España	32,5	28,7	26,5	24,9	-1,6
<b>De 16 a 19 anos</b>					
Galicia	41,4	34,7	38,0	44,5	6,5
España	45,2	43,1	40,7	37,0	-3,7
<b>De 20 a 24 anos</b>					
Galicia	25,5	23,2	23,8	21,6	-2,2
España	29,8	25,6	23,4	22,4	-0,9
<b>25 e máis anos</b>					
Galicia	11,0	9,0	8,5	7,5	-1,0
España	12,8	10,9	10,2	9,4	-0,8
<b>De 25 a 54 anos</b>					
Galicia	11,3	9,2	8,6	7,6	-1,0
España	12,9	10,9	10,1	9,3	-0,8
<b>De 55 e máis anos</b>					
Galicia	9,9	8,3	8,1	7,0	-1,1
España	12,2	11,1	10,2	9,7	-0,6
<b>Total</b>					
Galicia	11,8	9,7	9,4	8,4	-1,0
España	14,1	12,2	11,3	10,5	-0,8

Fonte: INE, EPA

**2.1.29.**

**Taxas de paro 2014-25: distribución segundo nivel formativo (1)**



(1)2014 e seguintes CNED2014  
Fonte: INE, EPA

**2.1.30.**

persoas nesta situación, 5.500 menos que no ano anterior, das que 11.100 son mulleres e 11.200 homes.

Para realizar a análise dos datos da poboación desempregada en función do sector económico é necesario ter en conta que na EPA só se clasifica por sector económico aos parados que deixaron o seu último emprego nos últimos 12 meses. Tendo isto en conta, no ano 2025 descende nun 9,9% a poboación parada estimada pola EPA, a nivel sectorial estes descenso prodúcense na agricultura e nos servizos, fronte a incrementos na construción e na industria.

Na construción en Galicia aumenta nun 27,3% o número de paradas estimados, acadando as 4.779 persoas, en torno a 1.000 persoas máis que no ano 2024. O desemprego no sector industrial aumenta tamén nun 5,3% (425 persoas máis).

O sector servizos reduce a poboación parada estimada en 2.050 persoas, un 4,7% menos que en 2024. Finalmente o sector primario reduce o seu paro estimado nun 15,1%, o que supón 525 persoas desempregadas menos. Tamén se reduce nun 18% o colectivo de parados que buscan o seu primeiro emprego ou que deixaron o seu emprego hai máis dun ano.

### Datos rexistrados nas oficinas de emprego

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego galegas descende no ano 2025 un 7,7% respecto ao ano anterior, 1,8 puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado, situándose en 113.600 persoas, o nivel máis baixo dende o ano 2005, primeiro ano da serie estatística comparable.

Esta evolución é semellante á acaecida no mercado laboral español, onde o número de persoas paradas rexistradas no último ano é un 5,9% inferior ao ano anterior, o máis reducido dende o ano 2008. O peso da poboación parada rexistrada en Galicia cae unha décima porcentual en relación ao ano anterior, ata o 4,6%.

O descenso do paro rexistrado prodúcese tanto entre as mulleres como entre os homes. O paro rexistrado redúcese un 8,3% no caso dos homes e un 7,3% entre as mulleres. Tras esta evolución, o número medio anual de mulleres rexistradas nas oficinas de emprego ascende ata as 66.564 persoas (5.215 menos que no ano anterior), o que representa o 58,6% do total do paro rexistrado. No que se refire ao paro rexistrado masculino, no último ano había inscritos como parados nas oficinas de emprego 47.062 homes (4.285 menos que en 2024), o 41,4% do total.

Tal como aconteceu no ano anterior, novamente en 2025, redúcese o paro rexistrado nas catro provincias galegas en relación ao ano anterior, e, en todas elas, con maior intensidade que no conxunto do Estado (**cadro 2.1.32.**). Os maiores descenso en termos relativos prodúcense nas provincias de Pontevedra e da Coruña, cun -8,1% e -7,9% de paro rexistrado menos respectivamente, con descenso máis intensos que a media galega, mentres que as provincias de Ourense cun -6,8% e Lugo cun -6,4% de descenso no paro rexistrado non acadan o descenso medio de Galicia.

**Paro rexistrado en Galicia e España 2019-25**

	Galicia	España	Galicia / España	Galicia	España
	<i>(en miles de persoas)</i>		<i>(%)</i>	<i>(% de variación interanual)</i>	
<b>2019</b>	163,2	3.148,8	5,2	-6,5	-4,0
<b>2020</b>	180,3	3.709,8	4,9	10,4	17,8
<b>2021</b>	163,4	3.565,2	4,6	-9,3	-3,9
<b>2022</b>	146,2	2.962,8	4,9	-10,6	-16,9
<b>2023</b>	134,5	2.766,9	4,9	-8,0	-6,6
<b>2024</b>	123,1	2.628,1	4,7	-8,4	-5,0
<b>2025</b>	113,6	2.473,1	4,6	-7,7	-5,9

Fonte: IGE; *Movemento laboral rexistrado*

**2.1.31.**

En termos absolutos, os maiores descenso no desemprego rexistrado localízanse en Pontevedra e na Coruña, con 3.876 e 3.858 persoas menos respectivamente, seguidas de Ourense con 1.002 e Lugo con 763 persoas paradas rexistradas menos que no ano anterior.

Tras esta evolución, A Coruña mantense como a provincia con maior nivel de desemprego, con 44.976 persoas rexistradas no Servizo Público de Emprego, por diante de Pontevedra, con 43.715 persoas. En Ourense e Lugo o paro rexistrado descende ata as 13.753 e 11.183 persoas, respectivamente.

A diferenza do advertido pola EPA, onde a construción e a industria incrementaban o nivel de paro estimado, os datos rexistrados nas oficinas de emprego mostran unha caída do número de desempregados rexistrados nos catro grandes sectores de actividade, destacando a agricultura e pesca e a construción cunha caída do 12,5% e 12,4% respectivamente. O paro rexistrado na industria redúcese un 10,9% (-7% en España), e, finalmente no sector servizos o paro rexistrado cae un 6,8% (-5,1% en España).

En termos absolutos, o sector servizos acolle un total de 81.822 persoas paradas rexistradas, o 72% dos parados rexistrados en Galicia (72,4% en España), seguíndolle en importancia o sector industrial, con 10.730 persoas paradas, o 9,4% do total (7,7% no conxunto do Estado). O número de persoas paradas rexistradas na construción é de 7.116 persoas, o 6,3% do total galego (7,3% en España) e no sector primario 3.394 persoas, o 3% (3,2% do total de paro rexistrado a nivel estatal).

Finalmente, no que respecta á desagregación do desemprego segundo xénero e grandes grupos de idade (**cadro 2.1.33.**), o paro rexistrado descende en todos os grupos quinquenais de idade, tanto para homes como para mulleres, agás no grupo de homes entre 16 e 19 anos onde se incrementa nun 2,9%.

Analizando franxas quinquenais de idades, os maiores descenso da poboación parada rexistrada, en termos relativos, prodúcense entre as persoas con idades comprendidas entre 40 e

## Paro rexistrado en Galicia e España 2025 <sup>(1)</sup>: distribución segundo sector de actividade

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<i>(en miles de persoas)</i>						
<b>Galicia</b>	<b>113.626</b>	<b>3.394</b>	<b>10.730</b>	<b>7.116</b>	<b>81.822</b>	<b>10.562</b>
A Coruña	44.976	1.000	3.771	3.025	32.742	4.438
Lugo	11.183	501	812	694	7.929	1.244
Ourense	13.753	647	1.372	826	9.453	1.455
Pontevedra	43.715	1.246	4.775	2.572	31.696	3.426
<b>España</b>	<b>2.473.064</b>	<b>79.183</b>	<b>191.215</b>	<b>181.186</b>	<b>1.790.607</b>	<b>230.873</b>

25/24

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
<i>(%)</i>						
<b>Galicia</b>	<b>-7,7</b>	<b>-12,5</b>	<b>-10,9</b>	<b>-12,4</b>	<b>-6,8</b>	<b>-6,4</b>
A Coruña	-7,9	-13,3	-13,2	-12,4	-6,8	-6,4
Lugo	-6,4	-8,4	-9,0	-13,6	-6,0	-1,9
Ourense	-6,8	-9,6	-7,8	-14,1	-6,0	-5,0
Pontevedra	-8,1	-14,7	-10,3	-11,5	-7,2	-8,5
<b>España</b>	<b>-5,9</b>	<b>-13,0</b>	<b>-7,0</b>	<b>-10,3</b>	<b>-5,1</b>	<b>-5,0</b>

Fonte: IGE; Ministerio de Trabajo y Economía Social

### ■ 2.1.32.

## Paro rexistrado segundo xénero e grupos quinquenais de idade 2024-25 Metodoloxía SISPE

	Total		Homes		Mulleres	
	2025	2024	2025	2024	2025	2024
16 a 19 anos	822	827	492	478	330	349
20 a 24 anos	3.868	4.084	1.978	2.054	1.890	2.031
25 a 29 anos	8.194	8.616	3.812	4.004	4.382	4.612
30 a 34 anos	9.249	10.253	3.926	4.354	5.323	5.899
35 a 39 anos	10.105	11.149	3.848	4.312	6.257	6.836
40 a 44 anos	11.384	12.833	4.272	4.881	7.112	7.952
45 a 49 anos	13.939	15.541	5.382	6.128	8.557	9.412
50 a 54 anos	15.446	16.816	6.109	6.701	9.337	10.114
55 a 59 anos	19.328	20.437	8.069	8.619	11.258	11.817
60 a 64 anos	21.292	22.572	9.174	9.816	12.118	12.755
<b>Total</b>	<b>113.626</b>	<b>123.126</b>	<b>47.062</b>	<b>51.347</b>	<b>66.564</b>	<b>71.779</b>

Fonte: IGE; *Movemento laboral rexistrado*

### ■ 2.1.33.

**Poboación inactiva en 2019-25 <sup>(1)</sup>: distribución segundo sexo e clase de inactividade**

	2019	2023	2024	2025	2025/24
	<i>(en miles de persoas)</i>				<i>(%)</i>
<b>Total</b>	1.094,3	1.108,8	1.109,7	1.108,1	-0,1
Homes	473,6	481,6	482,4	493,8	2,4
Mulleres	620,6	627,3	627,4	614,4	-2,1
<b>Estudiante</b>	152,8	177,7	173,2	174,6	0,8
Homes	72,5	82,9	81,2	83,7	3,1
Mulleres	80,4	94,8	92,0	90,9	-1,3
<b>Xubilado</b>	521,1	531,8	537,4	557,9	3,8
Homes	298,2	298,4	295,6	305,9	3,5
Mulleres	222,9	233,4	241,8	252,0	4,2
<b>Labores do fogar</b>	197,8	166,3	162,6	158,7	-2,4
Homes	28,1	21,3	19,0	23,9	25,7
Mulleres	169,7	144,9	143,7	134,9	-6,1
<b>Incapacidade permanente</b>	90,8	53,4	62,4	68,3	9,4
Homes	49,6	29,6	34,8	40,2	15,6
Mulleres	41,3	23,8	27,7	28,1	1,6
<b>Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.</b>	111,2	149,3	145,2	123,5	-15,0
Homes	12,8	29,2	31,8	24,9	-21,8
Mulleres	98,3	120,1	113,4	98,7	-13,0
<b>Outra</b>	20,6	30,5	28,9	25,2	-12,7
Homes	12,6	20,2	20,1	15,3	-23,9
Mulleres	8,1	10,3	8,8	9,9	12,5

(1) en medias anuais  
Fonte: INE, EPA

■ **2.1.34.**

44 anos (-11,3% en relación a 2024), e entre 45 e 49 e 30 e 34 anos, con descensos interanuais próximos ao 10% en ambos casos.

O grupo de persoas paradas entre 50 e 64 anos redúcese nun 6,3%, en concreto entre os homes redúcese un 7,1% respecto ao nivel do ano anterior, e un 5,7% no caso das mulleres.

A estrutura por idades da poboación parada rexistrada en Galicia mostra que no ano 2025 case a metade das persoas paradas rexistradas teñen entre 50 e 64 anos (49,3% 56.066 persoas), con porcentaxes semellantes para homes e mulleres. Dentro do grupo de persoas maiores de 50 anos, o grupo con maior nivel de desemprego é o de 60 a 64 anos, con 21.292 persoas, con caídas en relación ao ano anterior do 5,7%, dous puntos menos que a caída media do conxunto de Galicia.

**Poboación inactiva**

Na Enquisa de Poboación Activa (EPA) a poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); persoas incapacitadas para traballar e outras situacións; en xeral, persoas que, sen




exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

No ano 2025 en Galicia o número de persoas inactivas baixa un 0,1% respecto ao ano anterior para situarse en 1.108.100 persoas, das que o 55,4% son mulleres (614.400 persoas).

A poboación inactiva feminina cae respecto ao ano anterior un 2,1% fronte ao aumento do número de homes inactivos nun 2,4%, (11.400 homes máis, fronte a 13.000 mulleres inactivas menos).

Desagregando o número de persoas inactivas en función da clase de inactividade, o descenso interanual máis importante en termos absolutos é o que se produce no número de persoas perceptores de pensión distinta á de xubilación ou prexubilación, con 21.700 persoas menos, seguido a moita distancia do grupo de persoas dedicadas ás labores do fogar con 3.900 persoas inactivas menos.

Fronte a estas caídas, no ano 2025 prodúcese un incremento de 20.500 persoas inactivas por xubilación e de 5.900 por incapacidade permanente. As persoas xubiladas constitúen o maior grupo de poboación inactiva, con 557.900 persoas (3,8% máis que no ano anterior), o que representa o 50,3% da poboación inactiva en Galicia. Deste total de inactivos, 305.900 son homes e 252.000 mulleres. 



## 2.2. Custos e salarios

**Neste bloque analízase a tendencia e estrutura do custo laboral** en Galicia e en comparación coa media estatal. O custo laboral bruto por persoa traballadora defínese como a agregación de diversos compoñentes: soldos e salarios, cotizacións obrigatorias, beneficios sociais, indemnizacións e gastos vinculados á formación ou á propia actividade laboral. Dentro desta composición, os gastos salariais representan o elemento principal, supoñendo aproximadamente as tres cuartas partes do total.

En relación aos soldos e salarios, a estatística de convenios colectivos de traballo, publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social, proporciona información estatística sobre os aspectos máis relevantes dos convenios colectivos de traballo, entre a que destaca a variación salarial pactada nos mesmos.

A citada estatística de convenios colectivos de traballo reflicte un leve incremento das taxas de crecemento salarial pactado no conxunto dos sectores non primarios en relación ao ano anterior. A medra nominal rexistrada en 2025 ascendeu ata o 3,45%, menos dunha décima porcentual máis que o incremento en 2024. Este incremento sitúase por debaixo do rexistrado no conxunto de España (3,53%).

A variación salarial media pactada calcúlase coa información daqueles convenios cuxos efectos económicos son coñecidos e cuantificables e que teñan sido rexistrados ata decembro de 2025. Para dito cálculo téñense en conta 208 convenios con efectos económicos e rexistrados en Galicia, que afectan a 26.836 empresas e 242.152 traballadores e traballadoras.

Variación salarial pactada en Galicia e España 2008-25

	2008	2013	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
	(%)										
<b>Galicia</b>											
Convenios totais	4,19	0,66	1,48	1,98	2,16	1,22	2,06	4,29	3,87	3,37	3,45
Convenios de empresa	3,43	1,69	1,11	1,58	1,45	1,42	1,56	4,32	4,34	3,08	2,81
Convenios doutro ámbito	4,29	0,53	1,51	2,01	2,23	1,59	2,11	4,29	3,83	3,40	3,51
<b>España</b>											
Convenios totais	3,60	0,57	1,46	1,80	2,24	1,74	1,61	3,21	3,69	3,36	3,53
Convenios de empresa	3,09	0,37	1,21	1,44	2,03	1,50	1,58	3,51	3,50	2,90	2,83
Convenios doutro ámbito	3,65	0,58	1,48	1,82	2,26	1,76	1,62	3,19	3,70	3,39	3,57

(data da consulta 24-02-2026. 2024 provisional e 2025 avance)

(1) Convenios doutro ámbito: convenios de ámbito superior á empresa

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social, *Estadística de convenios colectivos de trabajo*

2.2.1.

A variación salarial dos convenios asinados en Galicia en 2025 (**cadro 2.2.1.**), é menor nos convenios de empresa (2,81%) que nos convenios de ámbito superior á empresa (3,51%). Así mesmo, Galicia presenta aumentos salariais inferiores aos rexistrados de media no conxunto do Estado tanto no caso dos convenios de empresa como nos convenios doutro ámbito.

O **cadro 2.2.2.** reflicte o custo laboral por traballador e mes en Galicia no ano 2025, entendendo que os custos laborais representan o custo total no que incorre unha persoa empregadora pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os denominados “outros custos” (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). No último ano o custo laboral por traballador e mes en Galicia creceu un 2,2%, un incremento 1,4 puntos porcentuais inferior ao do conxunto do Estado, para situarse en 2.870,23 euros de media por traballador e mes, o que sitúa a Galicia cun custo un 10,8% inferior ao rexistrado de media no Estado. Este importe sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma co custo laboral total máis baixo.

A análise sectorial, na industria, construción e servizos, dos custos laborais reflicte un incremento en termos interanuais dos custos laborais por traballador e mes nos tres sectores de actividade, sendo esta medra superior á media estatal na industria e inferior á media no sector servizos e na construción. En Galicia no ano 2025 a industria presenta o incremento dos custos laborais máis elevado, cunha medra interanual do 5,1% fronte ao 3,4% do sector no conxunto do Estado. A taxa de variación interanual correspondente ao sector da construción situouse no 4,4% en Galicia, fronte ao incremento medio no Estado que foi do 4,7%; finalmente, o sector servizos presenta un aumento dos seus custos por traballador e mes do 1,2%, fronte ao 3,3% de incremento medio nacional do sector.

Un ano máis, o sector industrial, tanto en Galicia como no conxunto de España, é o sector cos custos laborais máis elevados, con 3.524,88 euros por traballador e mes en Galicia, o que representa o 94,2% da media estatal. O segundo sector con maior custo laboral é a construción, cun custo medio de 3.171,98 euros, un 0,4% inferior á media estatal. Finalmente, o sector ser-

## Custos laborais en Galicia e España 2024-25: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

2025

	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en euros)							
<b>Custo laboral por traballador e mes</b>	<b>2.870,23</b>	<b>3.524,88</b>	<b>3.171,98</b>	<b>2.697,28</b>	<b>3.218,83</b>	<b>3.742,66</b>	<b>3.185,07</b>	<b>3.134,11</b>
Custo salarial total	2.095,94	2.572,34	2.160,15	1.983,78	2.376,50	2.734,17	2.225,24	2.328,29
Custo salarial ordinario	1.862,76	2.153,38	1.910,48	1.793,55	2.055,01	2.310,16	1.957,67	2.019,81
Outros custos	774,30	952,54	1.011,84	713,50	842,33	1.008,50	959,83	805,82
Custo por percepción non salariais	74,31	89,22	169,20	62,61	78,00	93,84	106,59	73,21
Custo por cotizacións obrigatorias	716,95	875,85	857,28	669,05	779,57	928,56	864,55	748,36
S. Social	16,96	12,53	14,64	18,17	15,24	13,90	11,31	15,75
<b>Custo laboral por hora efectiva</b>								
Custo laboral total por hora	22,75	25,91	22,41	22,01	25,21	27,43	22,46	25,04
Custo salarial total por hora	16,62	18,91	15,26	16,19	18,61	20,04	15,69	18,60
Custos salarial ordinario por hora	14,76	15,81	13,49	14,64	16,10	16,95	13,81	16,14
Outros custos por hora	6,14	6,99	7,15	5,82	6,60	7,40	6,77	6,44

2024

	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
	(en euros)							
<b>Custo laboral por traballador e mes</b>	<b>2.808,43</b>	<b>3.353,23</b>	<b>3.037,00</b>	<b>2.663,82</b>	<b>3.112,58</b>	<b>3.609,90</b>	<b>3.043,23</b>	<b>3.034,14</b>
Custo salarial total	2.055,31	2.458,01	2.061,80	1.962,98	2.301,85	2.647,60	2.129,47	2.256,55
Custo salarial ordinario	1.826,08	2.053,18	1.854,69	1.771,80	1.988,00	2.234,47	1.874,74	1.954,94
Outros custos	753,13	895,22	975,20	700,84	810,73	962,30	913,76	777,60
Custo por percepción non salariais	69,66	73,32	163,45	60,41	75,57	85,30	98,29	72,25
Custo por cotizacións obrigatorias	697,88	832,95	826,19	655,60	750,00	890,64	827,09	720,63
Subvencións e bonificacións da S. Social	14,41	11,05	14,44	15,18	14,85	13,64	11,62	15,29
<b>Custo laboral por hora efectiva</b>								
Custo laboral total por hora	22,08	24,84	21,53	21,46	24,37	26,45	21,46	24,24
Custo salarial total por hora	16,16	18,21	14,62	15,81	18,02	19,40	15,01	18,02
Custos salarial ordinario por hora	14,36	15,20	13,15	14,28	15,58	16,39	13,23	15,63
Outros custos por hora	5,92	6,63	6,91	5,65	6,35	7,06	6,45	6,22

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

### 2.2.2.


vizos, con 2.697,28 euros por traballador e mes (o 86% da media española), é o que rexistra un custo laboral máis reducido.

A Enquisa trimestral de custo laboral presenta datos do custo laboral por hora efectiva de traballo, isto é, o custo que supón unha hora de traballo efectivo. Galicia no ano 2025 presenta unha medra interanual do custo laboral total por hora efectiva do 3%, porcentaxe superior ao sinalado 2,2% de incremento do custo laboral por traballador e mes, sendo un incremento inferior ao experimentado polo custo laboral por hora efectiva no conxunto do Estado, que é do 3,4%. Tras esta evolución, o custo laboral total por hora efectiva ascende en Galicia a 22,75 euros, o que supón un 9,7% menos que a media estatal (2,45 euros menos por hora efectiva).


O custo laboral total por hora no sector industrial aumenta en Galicia no ano 2025 un 4,3% en

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia. España = 100

PIB por posto de traballo equivalente a tempo completo



Produtividade por hora traballada



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

2.2.3.



relación ao ano anterior, situando a este sector, un ano máis, como o que rexistra un maior custo con 25,91 euros por hora traballada efectiva, fronte aos 27,43 euros do sector no conxunto do Estado; a maiores, este sector industrial é o que presenta un maior incremento en taxas interanuais. O sector da construción presentan incrementos do custo laboral por hora levemente por riba do 4%, con 22,41 euros por hora respectivamente, e finalmente, o sector servizos presenta un incremento do 2,6% acadando os 22,01 euros de custo laboral por hora efectiva traballada.

#### • **Produtividade aparente do factor traballo**

Neste apartado analízase a produtividade do factor traballo, tanto por posto de traballo como por hora traballada. Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que ambas medidas están calculadas con PIB nominal (a prezos correntes), polo que non se exclúe o efecto da inflación. Isto implica que parte do crecemento observado na produtividade pode deberse ao aumento dos prezos e non só a melloras reais na eficiencia ou na capacidade produtiva.

A produtividade aparente do factor traballo por posto de traballo equivalente a tempo completo mide canto PIB xera, de media, cada traballador (axustado a tempo completo). Calcúlase dividindo o PIB entre o número de postos de traballo equivalentes a xornada completa. É un indicador que combina eficiencia e estrutura do emprego: aumenta se cada traballador produce máis, pero tamén se desaparecen empregos de baixa produtividade ou medran sectores máis produtivos. Polo tanto, está moi influído polos cambios na composición sectorial e no mercado laboral.

A produtividade por hora traballada mide o PIB xerado por cada hora efectiva de traballo, dividindo o PIB entre o total de horas traballadas. Este indicador céntrase máis na eficiencia “pura” do proceso produtivo, xa que elimina o efecto das variacións na xornada media (tempo parcial, horas extra, etc.).

Na serie histórica (**gráfico 2.2.3.**) obsérvase que en Galicia, a produtividade por posto de traballo mostra unha caída entre 2007 e 2013 (de 87,8 a 85,2) e unha recuperación sostida posterior ata 96,7 en 2024, reflectindo primeiro o impacto da crise e despois unha converxencia coa media española, aínda incompleta. Pola súa banda, a produtividade por hora traballada segue unha traxectoria semellante pero máis intensa, pasando de 80,9 en 2013 a 95,6 en 2024.

Por sectores, as diferenzas son moi marcadas. A construción destaca claramente como o sector máis dinámico: en 2024 acada 109,4 por posto de traballo e 114 por hora, moi por riba da media española. Ademais, vén dunha forte aceleración recente (especialmente desde 2023), o que indica unha combinación de recuperación da actividade e axustes previos de emprego que elevaron a produtividade media. Pola contra, a industria e a industria manufactureira melloran, pero seguen por debaixo de 100 (86 e 85,5 por posto; 88,2 e 88,5 por hora en 2024).

Os servizos, que teñen un peso dominante na economía galega, en 2024 sitúanse en 98,8 por posto de traballo e 98,3 por hora. En cambio, a agricultura presenta unha elevada volatilidade: tras mellorar en 2022–2023, retrocede en 2024, mantendo un diferencial negativo importante.

En conxunto, os datos máis recentes amosan que a converxencia de Galicia coa media española está sendo impulsada sobre todo pola construción e polos servizos.

### Ingresos salariais nas fontes tributarias

A análise dos salarios dende a óptica do perceptor realízase utilizando o “*Estudo dos salarios nas fontes tributarias*” do IGE e a estatística do “*Mercado de traballo y pensiones en las fuentes tributarias*” realizada pola Axencia Tributaria, que ten un carácter censal e está baseada nas declaracións anuais do Modelo 190. Esta estatística achega información dende o ano 1999 ata 2024, último ano publicado na data de elaboración da presente Memoria.


A Axencia Tributaria aborda a visión do mercado laboral dende unha dobre perspectiva, a da entidade que emprega e redistribúe, e a do perceptor de salarios, pensións e prestacións por desemprego. Este apartado céntrase na óptica da persoa perceptora e máis concretamente nas persoas asalariadas. Este colectivo está formado por aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, monetarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

O número de persoas asalariadas nas publicacións da Axencia Tributaria difire do que se pode encontrar noutras fontes como a Enquisa de Poboación Activa, o rexistro de Afiliación á Seguridade Social ou a Contabilidade Nacional. Aparte das distintas definicións e ámbitos, o principal motivo destas diferenzas é o feito de que as poboacións das estatísticas baseadas en fontes fiscais son enumeracións de individuos que pasaron por unha determinada situación e non un promedio anual que é como se acostuman presentar as cifras noutras estatísticas do mercado de traballo. Así, un individuo que só traballara un mes no ano suma 1 nas estatísticas derivadas de fontes fiscais, mentres que sumaría unha porción de asalariado equivalente 1/12 nos datos anuais do resto de estatísticas citadas.

No que respecta aos salarios tamén hai diferenzas, por motivos semellantes. O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e mídese como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. A masa salarial aproximada polos rendementos do traballo ten lixeiras diferenzas conceptuais coa masa salarial medida noutras fontes estatísticas. Pero sobre todo as persoas asalariadas mídense aquí sen ter en conta o tempo que permaneceran no mercado de traballo. Deste xeito prodúcese unha tendencia á baixa do salario medio en comparación con outras estatísticas nas que o denominador é o número de asalariados en promedio anual.

O número de persoas que recibiron un salario en 2024 incrementouse ata os 1.106.738, e tamén aumenta a retribución total, que alcanza o seu máximo na serie temporal (**gráfico 2.2.4.**). Os ingresos salariais medios declarados en Galicia ascenderon a 24.232 euros, o que supón 980 euros máis que no ano anterior.

### Evolución do salario medio anual <sup>(1)</sup> en Galicia e España 2008-2024. Distribución segundo sexos



(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.

Fonte: Agencia Tributaria

#### 2.2.4.

A fenda entre o salario medio anual en Galicia e a media estatal acadou o máximo no ano 2007 (1.344 euros anuais) e o mínimo no ano 2020 (603 euros anuais), en 2021 e 2022 aumenta o diferencial e no ano 2023 redúcese novamente para situarse nos 729 euros, incrementándose nun euro no ano 2024, ata os 730 euros. Esta evolución sitúa a Galicia como a sexta CC.AA con maior salario medio anual, pero por debaixo da media estatal.

Do total de 1.106.738 persoas que en Galicia en 2024 recibiron rendas salariais, case 908 mil galegos recibiron só este tipo de rendas. Neste ano destaca o descenso do colectivo que percibiu rendas salariais e prestacións de desemprego ata as 144 mil persoas, nas que se inclúen as que proveñen dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE). A porcentaxe de persoas asalariadas que só reciben rendas salariais sitúase no 82%, mentres o 13% do colectivo de asalariados percibiu prestacións por desemprego en 2024. O tipo medio de retención situouse no 16%, isto é, incrementouse en medio punto con respecto ao ano anterior. No colectivo que percibe rendas salariais en exclusiva o tipo é máis alto (16,6%).

**Persoas asalariadas (2) e salario medio por tramo salarial: 2019-2024 (1)**

	2019				2024			
	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual (euros)	(%/SMA) (3)	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual (euros)	(%/SMA) (3)
De 0 a 0,5 SMI	187.633	17,8	2.681	13,5	185.282	16,7	3.300	13,6
De 0,5 a 1 SMI	175.984	16,7	9.595	48,3	191.576	17,3	12.276	50,7
De 1 a 1,5 SMI	254.424	24,1	15.761	79,3	297.435	26,9	19.598	80,9
De 1,5 a 2 SMI	172.399	16,3	21.704	109,2	174.504	15,8	27.228	112,4
De 2 a 2,5 SMI	86.756	8,2	28.096	141,3	93.442	8,4	35.565	146,8
De 2,5 a 3 SMI	68.358	6,5	34.411	173,1	69.303	6,3	43.161	178,1
De 3 a 3,5 SMI	41.591	3,9	40.761	205,0	37.100	3,4	51.187	211,2
De 3,5 a 4 SMI	23.987	2,3	46.845	235,7	18.494	1,7	59.138	244,0
De 4 a 4,5 SMI	13.138	1,2	53.359	268,4	11.648	1,1	67.189	277,3
De 4,5 a 5 SMI	9.060	0,9	59.655	300,1	7.462	0,7	75.180	310,3
De 5 a 7,5 SMI	17.687	1,7	74.463	374,6	15.481	1,4	93.687	386,6
De 7,5 a 10 SMI	3.109	0,3	106.332	534,9	2.779	0,3	134.179	553,7
Máis de 10 SMI	2.157	0,2	258.179	1.298,8	2.232	0,2	358.726	1.480,4
<b>Total</b>	<b>1.056.283</b>	<b>100</b>	<b>19.879</b>		<b>1.106.738</b>	<b>100</b>	<b>24.232</b>	

(1) SMI en 2008: 8.400 €; SMI en 2013: 9.034,20 €; SMI en 2021: 13.510 €; SMI en 2022: 14.000 €; SMI en 2023: 15.120 € en 2024: 15.876 €

(2) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.


(3) Relación entre o Salario Medio Anual (SMA) do tramo salarial e o SMA total dos tramos.

Fonte: Agencia Tributaria

**2.2.5.**

**Traballadores e traballadoras en función da súa ganancia anual con respecto ao SMI 2024**

(% sobre o total de homes e de mulleres)



Fonte: Agencia Tributaria

**2.2.6.**



Tendo en conta que o SMI no ano 2024 era de 15.876€, a distribución das persoas asalariadas segundo os seus ingresos salariais medios en relación ao SMI, **cadro 2.2.5.**, reflicte que o 34,1% dos asalariados e asalariadas, 376.858 persoas, declara unha percepción salarial inferior ao SMI. En relación ao ano anterior baixa só dúas décimas porcentuais o peso relativo das persoas asalariadas con ingresos inferiores ao SMI. As persoas que declaran ingresos inferiores ao dobre do SMI representan o 74,8% do total, case catro puntos porcentuais menos que no ano precedente (78,4%). Pola contra, o 2,2% de persoas asalariadas declaran uns ingresos salariais de máis de cinco veces o SMI, porcentaxe tres décimas superior ao do ano anterior (1,9%).

Entre 2019 e 2024 o número de persoas asalariadas totais aumenta un 4,8% (50.455 persoas máis), rexistrándose os incrementos máis importantes entre aqueles cun salario medio anual superior ao SMI e inferior a 1,5 veces o SMI, con 43.011 persoas asalariadas máis neste tramo de ingresos. Por outra banda, cae de xeito moi importante o número de persoas que cobran máis de 3 e menos de 10 veces o SMI con 85.800 persoas menos en 2024 que ás rexistradas en 2019, aínda que aumenta nun 26% os seus ingresos salariais medios anuais.


Se se analiza a distribución das persoas traballadoras segundo o xénero e o nivel de ingresos anuais declarados en relación co SMI no ano 2024 (**gráfico 2.2.6.**), conséntase un ano máis que a presenza feminina é máis elevada nos tramos salariais inferiores. Así, case unha de cada cinco mulleres (19%) percibe un salario medio inferior á metade do SMI, porcentaxe superior á rexistrada entre os homes (14,6%). Do mesmo xeito, no intervalo comprendido entre 0,5 e 1 SMI sitúase o 21,3% das mulleres, fronte ao 13,6% dos homes.

En cambio, a medida que aumentan os niveis retributivos, a proporción de homes supera á das mulleres. No tramo de ingresos situado entre unha e dúas veces o SMI concéntrase o 45,6% dos homes, mentres que no caso das mulleres a cifra é do 39,5%. Esta diferenza tamén se aprecia nos salarios máis elevados: o 1,7% dos homes declara ingresos superiores a cinco veces o SMI, fronte ao 1,1% das mulleres.

A análise da distribución do salario medio por grupos de idade (**cadro 2.2.7.**) reflicte que no ano 2024 consolídase en Galicia a tendencia de crecemento salarial observada en 2023 na maior parte dos grupos de idade. Os incrementos son xeneralizados entre os 18 e os 65 anos, destacando especialmente os tramos centrais da vida laboral. Así, o grupo de 26 a 35 anos pasa de 19.102€ a 20.183€, mentres que o de 36 a 45 anos acada os 25.000 € fronte aos 23.941€ do ano anterior. Do mesmo xeito, as franxas de 46 a 55 e de 56 a 65 anos continúan marcando os niveis máis elevados, situándose en 28.260€ e 28.732€ respectivamente, reforzando a estrutura salarial crecente coa idade. Tamén o colectivo de 18 a 25 anos experimenta unha mellora apreciable, superando por primeira vez os 9.000€ de media.


Pola contra, nos extremos da distribución obsérvanse comportamentos máis moderados ou lixeiramente contractivos. O grupo de menores de 18 anos recupera parcialmente o descenso rexistrado en 2023, mentres que as persoas de máis de 65 anos experimentan unha leve redución respecto ao ano anterior, aínda que se manteñen en niveis elevados en termos históricos.

Salario medio 2008, 2013, 2022 a 2024 (1). Distribución segundo grupo de idade



Fonte: Agencia Tributaria

Evolución do salario mínimo interprofesional



Fonte: Agencia Tributaria

### 2.2.7.

A poboación asalariada galega, igual que acontece coa estrutura demográfica xeral, está máis envellecida que a española, de forma que a proporción da poboación asalariada que ten máis de 55 anos supera á media española en 1,5 puntos porcentuais (19,8% do total de asalariados en Galicia fronte ao 18,3% de media no Estado). En contraste, os menores de 36 anos teñen maior peso en España que en Galicia: un 31,9% fronte a un 27,1%.

Con respecto ao ano anterior, en 2024 en Galicia medra o salario medio anual en todos os sectores, e no que respecta ás diferenzas de nivel no salario medio por sectores, Galicia supera a



### Persoas asalariadas <sup>(1)</sup> e salario medio por sectores: 2023-24

	2024				2023			
	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual	(%)	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual	(%)
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	24.112	2,2	19.874	82,0	24.541	2,3	18.651	80,2
Industria extractiva, enerxía e auga	10.630	1,0	32.525	134,2	10.722	1,0	31.846	137,0
Industria	133.570	12,1	27.277	112,6	132.813	12,3	26.208	112,7
Construción e actividades inmobiliarias	82.212	7,4	23.917	98,7	80.510	7,4	22.781	98,0
Comercio, reparación e transportes	241.106	21,8	23.542	97,2	238.016	22,0	22.417	96,4
Información e comunicacións	27.876	2,5	30.589	126,2	26.696	2,5	29.678	127,6
Entidades financeiras e aseguradoras	19.298	1,7	39.788	164,2	18.666	1,7	38.388	165,1
Servizos ás empresas	147.960	13,4	19.376	80,0	143.197	13,2	18.430	79,3
Servizos sociais	286.016	25,8	29.852	123,2	277.394	25,6	29.010	124,8
Outros servizos persoais e de lecer	133.957	12,1	12.557	51,8	130.448	12,0	11.780	50,7
<b>Total</b>	<b>1.106.738</b>	<b>100</b>	<b>24.232</b>	<b>100</b>	<b>1.083.004</b>	<b>100</b>	<b>23.252</b>	<b>100</b>

(1) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

## 2.2.8.

España no sector primario (no que o emprego asalariado ten pouca entidade en Galicia) no sector da construción e nas actividades de comercio, reparación e transportes. No resto de sectores o salario medio anual é superior na media do Estado.

Atendendo á distribución segundo ramas de actividade, **cadro 2.2.8.**, en Galicia, no ano 2024 o maior salario medio segue rexistrándose un ano máis no sector das “Entidades financeiras e aseguradoras” e o menor nos “Outros servizos persoais e de lecer”. As actividades financeiras declaran ingresos salariais medios de 39.788 euros, en torno ao dobre do declarado no sector primario, que declara un salario medio de 19.874 euros brutos anuais.


No ano 2024, as ramas de actividade con salarios medios inferiores á media galega (24.232 euros anuais) rexistraron incrementos salariais superiores á variación interanual media de Galicia (4,2%). Destaca o aumento do 5,1% no salario medio anual da rama de “Servizos ás empresas”, así como o incremento do 5% en “Construción e actividades inmobiliarias” e no “Comercio, reparación e transportes”.

Pola contra, cinco ramas presentaron crecementos por debaixo da media galega: a industria extractiva, enerxía e auga (2,1%), a industria (4,1%), as ramas de “Información e comunicación” (3,1%), as “entidades financeiras e aseguradoras” (3,6%) e os “servizos sociais” (2,9%).

### • Módulo salarial ano completo

O *Módulo Salarial Ano Completo* analiza exclusivamente o colectivo de asalariados, é dicir, persoas que reciben unha retribución por rendementos do traballo, contabilizadas de forma única aínda que traballasen para varias empresas durante o ano. O seu obxectivo é estimar o Salario Medio Estimado (SME) equivalente a xornada completa e ano completo (360 días), combinando os datos do modelo 190 da Axencia Tributaria coa información da Seguridade Social sobre os días efectivamente traballados. Exclúense salarios por baixo do SMI ou superiores a 720.000 euros para evitar distorsións.

**Distribución de asalariados segundo decilas de menor a maior Salario Medio Estimado (SME).  
Distribución segundo sexo 2024**



Fonte: Agencia Tributaria, Módulo salarial ano completo

**2.2.9.**

O módulo presenta a distribución do SME en decís e centís, o que permite analizar a desigualdade salarial e comparar a distribución entre comunidades autónomas. A mediana do SME calcúlase de forma independente para cada comunidade, mentres que os decís e centís calcúlanse respecto ao total nacional, facilitando a comparativa territorial.

A diferenza da estatística xeral, este módulo considera só asalariados cos días traballados completamente coñecidos e transforma todas as súas relacións laborais ao equivalente de ano completo, de xeito que se un traballador tivo varias relacións, contabilízanse todas na masa salarial e nos días traballados. Deste xeito, o SME calcúlase coa fórmula:


$$SME = (\sum \text{retribucións} / \text{días traballados acoutados a 360}) \times 360$$

Este procedemento proporciona un salario anual comparable con outras estatísticas oficiais, reflectindo a retribución dos asalariados a tempo completo e permitindo analizar diferenzas por xénero, idade e comunidade autónoma.

Tendo en conta esta metodoloxía, o salario medio estimado en Galicia ascende no ano 2024 (último dato dispoñible) a 30.079 euros, un 6,2% inferior á media estatal, sendo este importe de 31.091 euros no caso dos homes (6,2% inferior á media española) e de 28.853 no das mulleres (6,1% inferior). Comparado co ano anterior, o salario medio estimado medra tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo levemente superior o incremento no caso das mulleres, e, en ambos casos, as variacións son superiores ás rexistradas de media no Estado. Así, o salario medio estimado medra en Galicia un 5,4% respecto ao ano anterior, sendo estas porcentaxes do 4,5% entre as mulleres e do 4,1% entre os homes.



**Distribución de asalariados segundo decilas de menor a maior Salario Medio Estimado (SME).  
Distribución segundo grupo de idade 2024**



Fonte: Agencia Tributaria, Módulo salarial ano completo


### ■ 2.2.10.

A análise da distribución dos asalariados segundo o SME e a súa desagregación segundo xénero, **cadro 2.2.9.**, mostra como o peso da muller só é superior ao dos homes nos dous estratos salariais máis baixos, de xeito que do total das persoas que están no primeiro decil, o 60,6% son mulleres, sendo esta porcentaxe do 54,6% no segundo decil. Por contra, nos dous decís máis elevados 10 e 9, o peso da muller é do 38,6% e 45,6%, respectivamente. Na mediana (decil 5) o 39,3% son mulleres fronte ao 60,7% homes.

A distribución por idades (**gráfico 2.2.10.**) mostra como a maior concentración de asalariados nos decís máis altos de salario medio estimado atópase principalmente nos grupos de idade de 46 a 55 anos, seguido polos tramos de 36 a 45 anos e de 56 a 65 anos. En concreto, tanto no decil 9 como no decil 10, estes grupos de idade reúnen a maior parte do volume total de asalariados, deixando moi pouca representación ás persoas menores de 25 anos, o que indica que os salarios máis elevados están asociados a traballadores con maior experiencia e traxectoria profesional.

Desde o punto de vista da fenda de xénero, o volume absoluto de homes nos decís máis altos supera claramente ao das mulleres en todos os grupos de idade. Por exemplo, no decil 10, hai 35.597 homes fronte a 22.372 mulleres. Esta diferenza é especialmente notable no grupo de 46 a 55 anos, que concentra o maior número de asalariados con altos salarios. En resumo, os salarios máis elevados están claramente vinculados a persoas en idade laboral madura, con predominio masculino.

Fenda salarial de xénero: 2008-2024




Nota: Fenda (%)= ((Salario medio homes-Salario medio mulleres)/Salario medio homes)×100

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE

2.2.11.

Evolución do salario bruto medio anual <sup>(1)</sup> en Galicia e España 2008-2024. Relación mulleres/homes.



(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.12.

## Fenda salarial

A **fenda salarial de xénero** segue a ser un dos principais indicadores de desigualdade no mercado laboral. En Galicia, igual que no resto de España, as mulleres perciben de media salarios máis baixos que os homes. Esta diferenza non se debe unicamente ao soldo polo mesmo traballo, senón tamén a factores estruturais como a maior presenza feminina en sectores peor remunerados, unha maior taxa de emprego a tempo parcial e as dificultades para acceder a postos de responsabilidade. Para medir esta diferenza utilizaremos a fenda salarial de xénero media, que utiliza o salario medio anual para calcular canto máis gañan, de media, os homes en comparación coas mulleres. Non obstante, esta medida presenta certas limitacións, xa que pode verse afectada por valores extremos, como os salarios moi elevados dalgúns traballadores, que poden distorsionar o resultado. A súa expresión calcúlase do seguinte modo:

$$\text{Fenda} = ((\text{Salario medio homes} - \text{Salario medio mulleres}) / \text{Salario medio homes}) \times 100$$

Nos **gráficos 2.2.11. e 2.2.12.** obsérvase que a fenda de xénero en Galicia e España mostrou unha tendencia decrecente entre 2008 e 2024. En Galicia, o salario medio das mulleres pasou de representar o 74,5 % do dos homes en 2008 ao 82,3 % en 2024, mentres que en España a proporción pasou do 72,3% ao 81,2 % no mesmo período. Isto reflicte unha redución progresiva da diferenza salarial entre homes e mulleres, aínda que persiste unha brecha significativa, especialmente nos anos anteriores a 2015, sendo máis pronunciada historicamente en España que en Galicia.

Nos últimos anos, tanto en Galicia como en España, a fenda mantense relativamente estable, acadando en Galicia un 17,7% e no Estado un 18,8% no ano 2024.



## 2.3.

# Formación e relacións laborais

A continuación analízanse os principais indicadores das relacións laborais e das condicións de traballo en Galicia durante o ano 2025, atendendo á evolución da negociación colectiva, a conflictividade laboral, a seguridade e saúde no traballo, as baixas por incapacidade temporal e a formación profesional para o emprego. O estudo permite comparar a situación galega coa do conxunto do Estado e identificar as principais tendencias rexistradas no mercado laboral galego ao longo do último ano.

### Negociación colectiva

A análise da negociación colectiva en Galicia realízase a partir dos datos do Observatorio da Negociación Colectiva publicados polo Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), unha fonte de referencia para coñecer a evolución e as características da negociación colectiva na Comunidade Autónoma.

A 31 de decembro de 2025, Galicia contaba cun total de 1.057 convenios colectivos vixentes ou prorrogados tacitamente, que afectaban a 541.807 persoas traballadoras.

Durante o ano 2025 asináronse ou revisáronse en Galicia un total de 115 convenios colectivos, dos cales 88 foron asinados e 27 revisados, afectando globalmente a 205.367 traballadores e traballadoras. Destes convenios, 26 son de sector (12 asinados e 14 revisados) que afectan a 187.948 persoas, fronte aos 89 convenios de empresa (76 asinados e 13 revisados) que abarcan a 17.419 persoas. Cómpre destacar que 10 destes convenios de empresa foron asinados por primeira vez, afectando a un total de 839 persoas traballadoras (**cadro 2.3.2.**).

Convenios colectivos existentes 2024-25 <sup>(1)</sup>

2025						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Total</b>	<b>1.057</b>	<b>71</b>	<b>377</b>	<b>128</b>	<b>105</b>	<b>376</b>
<b>Empresa</b>	<b>934</b>	<b>50</b>	<b>348</b>	<b>105</b>	<b>85</b>	<b>346</b>
<b>Sector</b>	<b>123</b>	<b>21</b>	<b>29</b>	<b>23</b>	<b>20</b>	<b>30</b>

2024						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Total</b>	<b>1.058</b>	<b>70</b>	<b>378</b>	<b>128</b>	<b>103</b>	<b>379</b>
<b>Empresa</b>	<b>936</b>	<b>49</b>	<b>349</b>	<b>105</b>	<b>83</b>	<b>350</b>
<b>Sector</b>	<b>122</b>	<b>21</b>	<b>29</b>	<b>23</b>	<b>20</b>	<b>29</b>

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento.

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2024-25

2025								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
<b>Total</b>	<b>115</b>	<b>205.367</b>	<b>88</b>	<b>64.243</b>	<b>27</b>	<b>141.124</b>	<b>11</b>	<b>1.044</b>
<b>Empresa</b>	<b>89</b>	<b>17.419</b>	<b>76</b>	<b>10.343</b>	<b>13</b>	<b>7.076</b>	<b>10</b>	<b>839</b>
<b>Sector</b>	<b>26</b>	<b>187.948</b>	<b>12</b>	<b>53.900</b>	<b>14</b>	<b>134.048</b>	<b>1</b>	<b>205</b>

2024								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
<b>Total</b>	<b>156</b>	<b>208.624</b>	<b>110</b>	<b>51.568</b>	<b>46</b>	<b>157.056</b>	<b>12</b>	<b>692</b>
<b>Empresa</b>	<b>113</b>	<b>20.888</b>	<b>94</b>	<b>18.892</b>	<b>19</b>	<b>1.996</b>	<b>12</b>	<b>692</b>
<b>Sector</b>	<b>43</b>	<b>187.736</b>	<b>16</b>	<b>32.676</b>	<b>27</b>	<b>155.060</b>	<b>-</b>	<b>-</b>

Nota: Os convenios negociados por 1ª vez xa están incluídos nos asinados.

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.2.

No ano 2025 asinouse por primeira vez un convenio de sector (o Convenio da Estiba para o Porto de Vigo), que afecta a 205 persoas.

A análise desagregada por provincias da negociación colectiva en Galicia ao longo de 2025 amosa notables diferenzas en canto ao número de convenios rexistrados e persoas traballadoras afectadas. As provincias con maior actividade foron A Coruña e Pontevedra, que concentran o

### Xornada media pactada na negociación colectiva 2024-25: distribución segundo sector económico

	2025	2024
	<i>(en horas / ano)</i>	
<b>Total</b>	<b>1.760,45</b>	<b>1.756,46</b>
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1.748,88	1.756,00
Industria	1.751,91	1.755,77
Construción	1.735,70	1.736,28
Servizos	1.782,81	1.770,04

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

#### ■ 2.3.3.

72% das persoas afectadas polos convenios colectivos en Galicia, sen ter en conta os traballadores acollidos a convenios de ámbito superior ao provincial.

Na Coruña existen 377 convenios colectivos que afectan a 194.410 persoas traballadoras. A maior parte destas persoas (172.389) están incluídas en convenios de sector, e 22.021 persoas están afectadas por convenios de empresa.

Na provincia de Pontevedra existen 376 convenios que abranguen 197.785 traballadores. En Lugo, hai 128 convenios, cun total de 30.619 persoas afectadas, e, finalmente, en Ourense, rexistráronse 105 convenios colectivos que afectan a 43.762 traballadores.

En canto ao contido dos convenios, obsérvase unha ampla presenza do chamado “pacto de ultraactividade”, unha cláusula que permite manter vixentes as condicións pactadas máis aló do remate formal do convenio. Esta cláusula está recollida 83% dos convenios sectoriais asinados e no 79% dos convenios de empresa.

No plano salarial, o incremento salarial pactado calcúlase en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano. Tendo o anterior en conta, o incremento pactado nos convenios asinados e revisados acadou unha media ponderada do 3,56%, superando claramente tanto o IPC galego (2,6%) como o estatal (2,9%).

En relación ás cláusulas de revisión salarial, incluíronse no 38,6% dos convenios asinados e no 40,7% dos revisados. Estas cláusulas de revisión salarial repercuten no 73,8% das persoas traballadoras afectadas por convenios asinados e no 82,4% das afectadas por convenios revisados.

Os datos do **cadro 2.3.3.** mostran a xornada media pactada en Galicia en 2025, en relación ao ano anterior. Tendo en conta só os convenios que a regulan de xeito anual, a xornada media pactada en Galicia mostra un aumento no total de horas anuais, pasando de 1.756,46 horas en 2024 a 1.760,45 horas en 2025. Este incremento no número de horas só se produce no sector

Tempo traballado nas CC.AA. 2008-25 (1): distribución segundo sector

	2025				2008			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
	<i>(en horas pactadas/traballador/mes)</i>							
Andalucía	150,3	163,0	166,1	147,3	154,8	164,8	166,9	150,3
Aragón	152,3	166,4	166,1	147,2	156,4	165,6	165,9	151,1
Asturias	148,8	164,5	165,3	144,5	154,4	164,1	166,5	149,3
Baleares	155,7	164,2	166,7	154,0	155,2	162,9	165,0	152,7
Canarias	155,4	165,4	169,2	154,0	160,2	167,1	168,8	158,1
Cantabria	151,4	165,6	167,1	147,1	155,8	163,8	168,0	150,7
Castela e León	150,7	165,7	166,5	145,6	153,3	165,7	168,6	146,8
Castela-A Mancha	152,0	166,4	164,8	146,9	157,3	166,3	169,4	151,1
Cataluña	151,8	166,4	165,0	148,3	156,4	165,5	165,5	152,4
C. Valenciana	150,7	165,9	164,6	146,3	157,3	164,9	165,2	153,2
Extremadura	146,8	164,0	165,6	142,6	156,6	165,9	167,2	152,8
Galicia	151,9	165,9	168,5	147,2	156,4	165,6	168,4	151,1
Madrid	154,7	165,8	167,5	152,9	158,1	165,1	167,3	155,9
Murcia	148,8	164,2	165,4	143,7	154,6	166,0	167,2	148,5
Navarra	149,6	163,2	165,2	142,8	151,7	161,9	163,6	144,1
País Vasco	148,0	162,4	161,0	143,5	151,5	158,7	163,2	147,1
A Ríoxa	150,1	167,0	165,2	143,6	153,7	168,1	167,4	144,0
<b>Total</b>	<b>151,8</b>	<b>165,2</b>	<b>166,0</b>	<b>148,5</b>	<b>156,1</b>	<b>164,7</b>	<b>166,7</b>	<b>152,2</b>

(1) media dos 4 trimestres do ano

(2) seccións B-S da CNAE-2009

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

## 2.3.4.

servizos pero compensa amplamente a caída nos restantes tres sectores de actividade. Neste senso, o sector servizos pasa dunha xornada de 1.770,04 horas en 2024 a 1.782,81 horas en 2025, 12,8 horas anuais máis que compensa a caída de 7,12 horas no sector primario, de -3,86 horas anuais na industria e de -0,58 horas na construción.

A distribución territorial do tempo de traballado mostra como no ano 2025 as Comunidades de Baleares, Canarias e Madrid son as que rexistran un maior número de horas de traballo pactadas por traballador e mes, por riba das 154 horas nos tres casos (**cadro 2.3.4.**). Esta mesma fonte, a Enquisa trimestral do custo laboral elaborada polo INE, sitúa a Galicia no sexto lugar, con 151,9 horas, semellante á media estatal que no ano 2025 foi de 151,8 horas mensuais por traballador.

A distribución das horas pactadas nos distintos sectores de actividade, mostra en dous dos tres sectores de actividade dos que se dispón información, presentan en Galicia un tempo de traballo superior á media estatal. O sector da construción é o que presenta un diferencial máis acusado con 166 horas mensuais de media no estado fronte a 168,5 horas mensuais no sector en Galicia.

No sector industrial, Galicia presenta 165,9 horas mensuais, sendo a media estatal de 165,2.

### Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2025: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

	2025									
	Total		Industria		Construción		Servizos		25/24	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia (%)
<b>Horas pactadas</b>										
Ambas xornadas	151,8	151,9	165,2	165,9	166,0	168,5	148,5	147,2	0,1	-0,9
Xornada a tempo completo	168,4	168,2	170,6	171,7	170,8	171,6	167,7	166,9	-0,0	-0,3
Xornada a tempo parcial	93,6	88,9	99,6	109,3	98,4	93,3	93,3	87,1	0,1	-5,0
<b>Horas pagadas</b>										
Ambas xornadas	152,3	152,3	166,2	167,4	166,8	169,1	148,9	147,5	0,1	-0,9
Xornada a tempo completo	168,8	168,6	171,5	173,3	171,6	172,3	167,9	166,9	-0,0	-0,3
Xornada a tempo parcial	94,4	89,8	100,1	109,7	98,7	93,4	94,0	88,1	0,1	-5,0
<b>Horas efectivas</b>										
Ambas xornadas	127,8	126,3	136,7	136,4	142,0	141,8	125,3	122,7	-0,0	-0,8
Xornada a tempo completo	141,1	139,5	140,8	140,9	145,9	144,5	140,7	138,6	-0,2	-0,2
Xornada a tempo parcial	81,1	75,7	86,2	91,8	87,0	77,0	80,7	74,3	0,3	-5,2
<b>Horas non traballadas</b>										
Ambas xornadas	24,8	26,3	29,8	31,5	25,0	27,5	23,9	25,1	0,6	-0,8
Xornada a tempo completo	28,0	29,5	31,1	32,8	25,9	27,9	27,5	28,7	0,9	-0,4
Xornada a tempo parcial	13,4	14,3	14,0	18,4	12,0	16,5	13,4	13,8	-1,1	-3,9
<b>Horas extras por traballador</b>										
Ambas xornadas	0,8	0,8	1,2	2,0	1,0	0,7	0,7	0,5	3,4	11,1
Xornada a tempo completo	0,7	0,7	1,3	2,0	1,0	0,7	0,6	0,3	3,6	13,0
Xornada a tempo parcial	0,9	1,0	0,6	0,9	0,7	0,1	0,9	1,0	6,3	-7,0

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

#### ■ 2.3.6.

No sector de servizos, Galicia presenta unha xornada menor, con 147,2 horas mensuais, en comparación coa media estatal de 148,5 horas.

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas, tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, redúcese novamente no ano 2025 en Galicia ata as 126,3 (-0,9% en relación ao ano anterior), situándose a media estatal en 127,8 horas. As persoas con contrato a tempo completo teñen en Galicia unha xornada de 139,5 horas efectivamente traballadas e aqueles con contrato a tempo parcial as horas traballadas efectivas son de 75,7 horas ao mes, situándose estas xornadas por debaixo da media estatal en ámbolos dous casos (141,1 horas efectivas de media no Estado para a xornada a tempo completo, e no emprego a tempo parcial 81,1 horas de media estatal) (**cadro 2.3.5.**).

A construción segue sendo o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos. A industria é o sector de actividade con máis horas non traballadas e máis horas extras por traballador.

A leve caída no número de horas efectivamente traballadas pode ser unha das causas do au-

**Inaplicacións rexistradas de convenios 2024-25 <sup>(1)</sup>**

	C.A. / Interprov. C.A.		2025		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
	<b>Total</b>	-	-	7	102	-	-	-	-	7	59	14
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	-	-	-	-	-	-	-	-	1	18	1	18
Construción	-	-	1	55	-	-	-	-	-	-	1	55
Servizos	-	-	6	47	-	-	-	-	6	41	12	88

	C.A. / Interprov. C.A.		2024		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
	<b>Total</b>	1	82	2	21	-	-	2	23	5	247	10
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Industria	1	82	-	-	-	-	1	13	1	18	3	113
Construción	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	-	-	2	21	-	-	1	10	4	229	7	260

(1) corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

### 2.3.6.

mento no custo laboral total por hora, que en Galicia en 2025 acadou un valor monetario de 22,75 euros (22,08 euros no ano 2024), un incremento inferior ao rexistrado no conxunto de España. O **cadro 2.2.2.** [*Custos laborais en Galicia e España 2024-25: distribución segundo sectores económicos e compoñentes*] reflicte que o custo salarial ordinario por hora medra un 3%, fronte ao incremento do 3,4% de media no Estado; un menor incremento que repercute en que o custo salarial total por hora en Galicia siga manténdose por baixo da media estatal (16,6 euros e 18,6 euros, respectivamente).

A inaplicación de convenio ou descolgue está regulada no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores (ET), que establece un procedemento excepcional para que unha empresa poida inaplicar certas condicións laborais previstas no convenio colectivo aplicable, xa sexa de ámbito sectorial ou de empresa.

No **cadro 2.3.6.** observamos como en Galicia en 2025, rexístranse 14 inaplicacións, afectando a 161 persoas traballadoras, 212 menos que as afectadas no ano precedente. Atendendo á súa distribución sectorial, no sector servizos rexistráronse 12 inaplicacións, e 88 traballadores afectados, superando á industria e a construción cunha inaplicación de convenio, que afectan a 18 e 55 persoas traballadoras respectivamente.

O Ministerio de Traballo e Economía Social publica a “*Estadística de regulación de emprego*”, que proporciona información sobre as empresas e os traballadores e traballadoras afectados por procedementos de despido colectivo, suspensión de contrato e redución de xornada dos

### Persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2024-25

	2025 (1)		2024	
	Galicia	España	Galicia	España
<b>Total</b>	<b>12.083</b>	<b>124.921</b>	<b>9.967</b>	<b>189.203</b>
Despidos colectivos	1.488	41.200	1.636	37.372
Suspensión de contratos	10.076	78.303	8.010	143.089
Reducción de xornada	519	5.418	321	8.742

(1) Consulta: 25-02-2026. Ano 2024 datos definitivos, ano 2025 datos provisionais  
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de regulación de empleo*

## 2.3.7.

contratos de traballo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior, que se resolvan ou se comuniquen á autoridade laboral en Galicia. Tal como se mostra no **cadro 2.3.7.**, en 2025, o número total de persoas afectadas polos procedementos de ERE ascendeu a 12.083 persoas, o que supón un 21,2% máis de afectados que no ano anterior (2.116 persoas máis). No conxunto do Estado as persoas afectadas polos expedientes de regulación de emprego descenden un 34%, de xeito que o peso relativo de Galicia no conxunto do Estado aumenta ata o 9,7%, sendo do 5,3% no ano anterior.

### Conflitividade laboral

En base ao avance de datos publicados na Estatística de folgas e peches patronais do Ministerio de Traballo e Economía Social, no ano 2025 o 6,5% das xornadas non traballadas no conxunto do Estado rexístranse en Galicia. Na dita estatística, a información que se procesa son os datos de inactividade por folgas ordinarias dos afiliados á Seguridade Social asalariados no Réxime xeral, no Réxime especial do mar (conta allea) e no Réxime especial da minería do carbón; non se inclúen os traballadores das mutualidades de MUFACE e MUGEJI, así como tampouco ningún colectivo de asalariados que non estea nos rexistros da S.S.

En base aos datos sinalados, en Galicia no ano 2025 rexístranse 55 folgas, 16 máis que no ano anterior, o que representa o 8,5% do total estatal; Galicia se sitúa como a sexta comunidade con maior número de folgas. Asociado ao aumento no número de folgas, en 2025 se incrementa de xeito moi importante o número de traballadoras e traballadores participantes, acadando as 13.163 persoas, 6.782 máis que no ano anterior, o que sitúa a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior número de participantes (4% do total estatal), concentrándose o 45,2% dos participantes totais do Estado na Comunidade de Madrid.

No que respecta á evolución no número de xornadas non traballadas, estas acadan no ano 2025 en Galicia as 45.895, 33.233 máis que no ano anterior. Galicia rexistra o 6,5% do total de xornadas non traballadas no conxunto do Estado.

Folgas nas CC.AA. 2024-25 <sup>(1)</sup>

	2025 <sup>(3)</sup>				2024 <sup>(2)</sup>			
	traballadores participantes		xornadas non traballadas		traballadores participantes		xornadas non traballadas	
		(%)		(%)		(%)		(%)
Andalucía	11.208	3,4	37.275	5,3	6.319	2,7	190.782	27,1
Aragón	4.226	1,3	13.453	1,9	2.896	1,2	5.838	0,8
Asturias	14.192	4,3	51.093	7,2	2.971	1,3	12.051	1,7
Baleares	93	0,0	187	0,0	202	0,1	773	0,1
Canarias	318	0,1	365	0,1	116	0,1	153	0,0
Cantabria	18.128	5,5	27.930	3,9	319	0,1	586	0,1
Castela-A Mancha	17.819	5,4	44.050	6,2	899	0,4	8.208	1,2
Castela e León	852	0,3	3.013	0,4	2.354	1,0	2.878	0,4
Cataluña	52.438	15,9	137.088	19,3	25.300	10,9	69.765	9,9
C. Valenciana	2.429	0,7	5.189	0,7	22.248	9,6	74.177	10,5
Estremadura	135	0,0	646	0,1	262	0,1	1.042	0,1
Galicia	13.163	4,0	45.895	6,5	6.381	2,8	12.662	1,8
Madrid	149.023	45,2	162.101	22,8	119.948	51,8	196.479	27,9
Murcia	346	0,1	249	0,0	1.412	0,6	2.612	0,4
Navarra	8.396	2,5	15.444	2,2	10.343	4,5	15.439	2,2
País Vasco	36.726	11,1	165.435	23,3	29.526	12,7	109.661	15,6
A Rioxa	144	0,0	358	0,1	17	0,0	13	0,0
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	226	0,1	59	0,0
<b>Total</b>	<b>329.636</b>	<b>100</b>	<b>709.771</b>	<b>100</b>	<b>231.739</b>	<b>100</b>	<b>703.178</b>	<b>100</b>

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal. Son folgas ordinarias.

(2) Datos definitivos

(3) Avance de resultados, data de consulta: 7 abril 2026

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

■ 2.3.8.

## Seguridade e saúde no traballo

A pesar do incremento no ano 2025 do número de traballadores afiliados, o número de accidentes de traballo con baixa mantense estable e redúcese levemente o índice de incidencia, calculado como o cociente do total de accidentes de traballo entre a media anual de traballadores afiliados. No conxunto do ano 2025 o índice de incidencia ascendeu ata os 2.583,4 accidentes por cada cen mil traballadoras e traballadores afiliados, cifra superior á media estatal, que se situou en 2.547,5 accidentes con baixa.

O **cadro 2.3.9.**, con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social, mostra o descenso no índice de incidencia de accidentes con baixa, así como a caída no índice de incidencia no caso dos accidentes mortais en Galicia, e no conxunto de España. No último ano rexístranse en Galicia un total de 4,2 accidentes mortais por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (2,8 accidentes no conxunto do Estado).


O **cadro 2.3.10.** mostra a existencia de diferencias significativas deste índice entre sectores. A construción presenta o maior índice de incidencia, seguida pola industria; o sector servizos, a pesar de que rexistra o maior número absoluto de accidentes, rexistra o índice máis reducido

### Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA.

2024-25 <sup>(1)</sup> <sup>(2)</sup>

	2025	
	Galicia	España
Accidentes con baixa	2.587,0	2.549,5
Accidentes leves	2.547,7	2.528,9
Accidentes graves	35,1	17,8
Accidentes mortais	4,2	2,8

	2024	
	Galicia	España
Accidentes con baixa	2.587,8	2.654,7
Accidentes leves	2.542,9	2.633,0
Accidentes graves	39,4	18,5
Accidentes mortais	5,5	3,2



(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) Consulta: 25-02-2026: Os datos son avances

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

## 2.3.9.

debido á súa maior base de traballadores. En comparación co conxunto de España, Galicia presenta taxas totais levemente inferiores á media no sector agrario, na construción e no sector servizos, aínda que o sector industrial galego supera a media estatal en incidencia.

No que respecta ás baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais e comúns, **cadro 2.3.11.**, o número de procesos iniciados en 2025 por continxencias comúns é superior aos iniciados no ano anterior, fronte ao descenso en relación ao ano anterior do número de procesos por continxencias profesionais, aínda que en ambos casos, se incrementa a duración media dos procesos en relación a 2024.

**Número de accidentes de trabajo por sector 2024-25**

	2025				
	Total	Agrario	Industria	Construcción	Servizos
<b>Accidentes</b>					
Galicia	27.534	1.670	7.143	4.201	14.520
España	529.838	27.021	106.432	79.845	316.540
<b>Índice</b>					
Galicia	2.583,4	3.508,9	4.761,2	5.074,5	1.847,3
España	2.547,5	3.759,1	4.369,7	5.510,4	1.954,0
	2024				
	Total	Agrario	Industria	Construcción	Servizos
<b>Accidentes</b>					
Galicia	27.138	1.782	6.795	4.282	14.279
España	540.314	28.518	107.116	81.697	322.983
<b>Índice</b>					
Galicia	2.584,7	3.679,4	4.581,8	5.264,7	1.848,7
España	2.653,6	4.020,0	4.469,4	5.815,9	2.037,4

Nota: avances  
 Fuente: Ministerio de Trabajo y Economía Social

**2.3.10.**

En 2025, Galicia presenta un incremento das baixas laborais por continxencias comúns respecto de 2024. A duración media dos procesos finalizados pasa de 72,52 a 78,85 días, o que supón un aumento de máis de seis días e sitúa á Comunidade moi por enriba da media estatal, fixada en 41,90 días. Isto indica que os procesos de incapacidade temporal en Galicia continúan sendo significativamente máis longos que no conxunto do Estado. Ademais, tamén aumenta lixeiramente a incidencia media mensual, de 23,25 a 23,52 procesos por cada 1.000 traballadores protexidos, aínda que segue claramente por baixo da media estatal (33,84). En paralelo, o número de procesos iniciados medra ata os 319.431, fronte aos 313.039 do ano anterior.

Por provincias, Lugo continúa rexistrando as baixas de maior duración, con 92,11 días de media en 2025, aínda que mellora respecto de 2024 (98,96 días). Pola contra, Ourense presenta os procesos máis curtos (69,25 días), pero é a provincia con maior incidencia mensual (25,09). Pontevedra e A Coruña tamén incrementan tanto a duración media como o número de procesos iniciados, consolidando unha tendencia xeral de aumento das baixas por continxencias comúns en Galicia.

No relativo ás continxencias profesionais, Galicia tamén experimenta un aumento da duración media das baixas, pasando de 59,99 a 62,07 días, situándose igualmente por enriba da media estatal (47,39 días). Con todo, a incidencia media mensual descende de 2,80 a 2,63 procesos por cada 1.000 traballadores, en liña coa tendencia estatal, onde tamén cae ata 2,55. Ademais, o número de procesos iniciados diminúe de maneira significativa, desde 36.294 ata 34.397, o que apunta a unha redución das baixas vinculadas directamente á actividade profesional.

En conxunto, os datos mostran que Galicia mantén en 2025 unha situación diferenciada res-



## Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal 2024-25: continxencias comúns e profesionais <sup>(1)</sup>

	CONTINXENCIAS COMÚNS					
	Duración media dos procesos finalizados no período		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número de procesos iniciados no período	
	2025	2024	2025	2024	2025	2024
	<i>(en días / ano)</i>		<i>(%)</i>			
<b>Galicia</b>	<b>78,85</b>	<b>72,52</b>	<b>23,52</b>	<b>23,25</b>	<b>319.431</b>	<b>313.039</b>
A Coruña	77,27	73,91	23,70	23,31	140.288	136.375
Lugo	92,11	98,96	19,38	20,02	30.307	31.180
Ourense	69,25	70,32	25,09	24,79	33.923	33.288
Pontevedra	80,10	78,09	24,22	23,81	114.913	112.196
<b>Total</b>	<b>41,90</b>	<b>43,13</b>	<b>33,84</b>	<b>32,29</b>	<b>9.109.110</b>	<b>8.552.266</b>

	CONTINXENCIAS PROFESIONAIS					
	Duración media dos procesos finalizados no período		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número de procesos iniciados no período	
	2025	2024	2025	2024	2025	2024
	<i>(en días / ano)</i>		<i>(%)</i>			
<b>Galicia</b>	<b>62,07</b>	<b>59,99</b>	<b>2,63</b>	<b>2,80</b>	<b>34.397</b>	<b>36.294</b>
A Coruña	60,07	59,11	2,56	2,66	14.600	15.037
Lugo	79,78	78,84	2,23	2,41	3.361	3.622
Ourense	60,00	56,53	2,64	2,96	3.435	3.836
Pontevedra	60,09	57,01	2,85	3,05	13.001	13.799
<b>Total</b>	<b>47,39</b>	<b>45,55</b>	<b>2,55</b>	<b>2,85</b>	<b>648.540</b>	<b>710.348</b>

(1) Consulta: 7-4-2026. Ano 2024 datos definitivos, ano 2025 datos provisionais  
 Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

### ■ 2.3.11.

pecto da media estatal: presenta menos incidencia de baixas laborais, tanto comúns como profesionais, pero cunha duración considerablemente máis elevada.

En 2025 Galicia sitúase como a terceira Comunidade Autónoma coa duración media máis elevada no caso das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais e a segunda Comunidade con maior duración media dos procesos por continxencias comúns.

## Formación profesional para o emprego

As accións formativas para o emprego están dirixidas prioritariamente a persoas en situación de desemprego e teñen como obxectivo darlles unha formación que lles permita a súa integración no mercado laboral.

**Total de accións formativas (AFS), alumnos e importe aprobado. Convocatoria 2025**

	AFS	Alumnos (1)	Importe
Convenios cos clústers e asociacións profesionais para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa	541	12.438	6.111.407,00
Accións formativas da familia de Informática e comunicación dirixidas preferentemente a persoas desempregadas, pertencentes a municipios de menos de 30.000 habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia	496	8.554	462.068,43
Accións formativas impartidas ao abeiro dos contratos derivados do Acordo Marco do servizo por lotes para impartición de accións formativas dos graos A,B e C do Sistema de Formación Profesional, mediante a creación dunha rede de centros asociados.	18	253	885.407,55
Accións formativas realizadas en centros propios dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e en centros propios dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ao abeiro neste último caso, do acordo de colaboración asinado entre as dúas consellerías.	232	3.034	7.519.525,83
Accións formativas realizadas por distintas entidades, previa autorización da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego	18	223	-
Accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) – AFD – procedemento TR301K	2.050	29.310	98.639.387,14
Accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas (procedemento TR301P)	124	1.533	3.621.763,92
Accións formativas de formación para o emprego non financiadas con fondos públicos conducentes á obtención de certificados profesionais (procedemento TR301R)	13	141	-
Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, destinadas a persoas traballadoras ocupadas (procedemento TR301X)	68	996	1.930.489,28
Accións formativas de curta duración para persoas desempregadas (Bonos Talento Empresa) procedemento TR302D	125	782	713.537,45
Convocatoria 2024-2025 – Anualidade 2025			
Accións formativas de curta duración para persoas desempregadas (Bonos Talento Empresa) procedemento TR302D	64	477	599.184,39
Convocatoria 2025-2026 – Anualidade 2025			
Cursos impartidos no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia	127	2.305	2.273.513,01
<b>Total</b>	<b>3.876</b>	<b>60.046</b>	<b>122.756.284,00</b>

(1) alumnado participante nas AFS tendo en conta que unha mesma persoa alumna poderá participar en accións formativas de diferentes convocatorias, diferentes entidades, diferentes familias profesionais e mesmo diferentes provincias e, polo tanto, computarase tantas veces como iso suceda.

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

### ■ 2.3.12.

Na convocatoria do ano 2025 (**cadro 2.3.12.**), os datos proporcionados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración mostran que en Galicia desenvolvéronse un total de 3.876 accións formativas, ás que asistiron 60.046 alumnos e alumnas, tendo en conta que unha mesma persoa alumna poderá participar en accións formativas de diferentes convocatorias, diferentes entidades, diferentes familias profesionais e mesmo diferentes provincias e, polo tanto, computarase tantas veces como iso suceda.

O orzamento aprobado para a realización destes cursos acadou neste último ano os 122,8 millóns de euros.

O maior número de cursos están dirixidos a persoas traballadoras desempregadas, con 2.050 accións formativas, ás que asistiron un total de 29.310 persoas (48,8% do total). A continuación situaríanse as accións englobadas dentro dos Convenios cos Clústers de Galicia con 541 accións formativas e 12.438 participantes. O orzamento das accións formativas para persoas desem-

### Accións formativas (AFS) 2025. Alumnos beneficiarios por sexo e grupos de idade

	Total (1)	Homes	Mulleres	Total (1)	30 anos ou menos	31-44 anos	45 ou máis anos	Sen datos de idade
Convenios cos clústers e asociacións profesionais para a realización de accións formativas de cualificación e recualificación da poboación activa	12.438	6.773	5.665	12.438	3.146	4.653	4.639	-
Accións formativas da familia de Informática e comunicación dirixidas preferentemente a persoas desempregadas, pertencentes a municipios de menos de 30.000 habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia	8.554	2.873	5.681	8.554	1.130	1.776	5.648	-
Accións formativas impartidas ao abeiro dos contratos derivados do Acordo Marco do servizo por lotes para impartición de accións formativas dos graos A,B e C do Sistema de Formación Profesional, mediante a creación dunha rede de centros asociados.	253	241	12	253	138	59	56	-
Accións formativas realizadas en centros propios dependentes da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e en centros propios dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ao abeiro neste último caso, do acordo de colaboración asinado entre as dúas consellerías.	3.030	2.090	940	3.034	1.075	821	1.134	4
Accións formativas realizadas por distintas entidades, previa autorización da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego	221	139	82	223	125	37	59	2
Accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) – AFD – procedemento TR301K	29.310	11.181	18.129	29.310	8.445	9.335	11.530	-
Accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas (procedemento TR301P)	1.527	971	556	1.533	928	423	176	6
Accións formativas de formación para o emprego non financiadas con fondos públicos conducentes á obtención de certificados profesionais (procedemento TR301R)	128	87	41	141	60	41	27	13
Accións formativas do Sistema de formación profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, destinadas a persoas traballadoras ocupadas (procedemento TR301X)	996	304	692	996	184	402	410	-
Accións formativas de curta duración para persoas desempregadas (Bonos Talento Empresa) procedemento TR302D Convocatoria 2024-2025 – Anualidade 2025	782	407	375	782	138	320	286	38
Accións formativas de curta duración para persoas desempregadas (Bonos Talento Empresa) procedemento TR302D Convocatoria 2025-2026 – Anualidade 2025	477	248	229	477	85	179	213	-
Cursos impartidos no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia	2.305	1.849	456	2.305	499	943	863	-
<b>Total</b>	<b>60.046</b>	<b>27.163</b>	<b>32.858</b>	<b>60.046</b>	<b>15.953</b>	<b>18.989</b>	<b>25.041</b>	<b>63</b>

(1) alumnado participante nas AFS tendo en conta que unha mesma persoa alumna poderá participar en accións formativas de diferentes convocatorias, diferentes entidades, diferentes familias profesionais e mesmo diferentes provincias e, polo tanto, computarase tantas veces como iso suceda.

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

### ■ 2.3.13.

pregadas foi de 98,6 millóns de euros, o 80,3% do orzamento total da convocatoria 2025 das accións formativas.

O 54,7% dos alumnos das accións formativas son mulleres (**cadro 2.3.13.**), e no que respecta á idade, o 41,7% do alumnado ten 45 ou máis anos, e o 31,6% corresponde a persoas entre 31 e 44 anos (26,6% no caso dos menores de 30).

Dentro das accións formativas para persoas desempregadas, o alumnado cunha idade superior aos 45 anos concentra o 39,3% do total, seguido do 31,8% no caso das persoas con idades comprendidas entre 31 e 44 anos e 28,8% os menores de 30 anos.

Accións formativas (AFS) 2025. Distribución segundo actividade

	Total AFS	Alumnos (1)			Orzamentos
		Total	Mulleres	Homes	
Administración e Xestión	714	10.892	2.773	8.118	33.125.466,96
Actividades Físicas e Deportivas	31	440	291	149	1.387.308,45
Agraria	41	554	317	237	1.264.629,90
Artes Gráficas	8	108	39	69	509.031,60
Artes e Artesanías	1	15	3	12	66.174,00
Comercio e Marketing	330	5.178	2.055	3.123	8.699.208,32
Competencias Transversais	34	443	155	284	448.597,50
Electricidade e Electrónica	48	860	763	96	2.041.158,47
Energía e Auga	43	1.096	853	241	1.790.632,72
Edificación e Obra Civil	81	1.257	1.166	91	2.072.434,99
Formación Complementaria	608	10.066	3.395	6.665	3.495.073,63
Fabricación Mecánica	167	2.271	1.965	306	7.570.334,29
Hostalería e Turismo	129	1.833	715	1.118	5.993.614,69
Informática e Comunicacions	495	8.659	5.792	2.867	14.232.505,82
Instalación e Mantemento	36	672	596	76	1.636.281,49
Imaxe Persoal	132	2.060	176	1.884	5.031.633,25
Imaxe e Son	3	36	24	12	113.416,00
Industrias Alimentarias	38	368	162	204	1.424.584,12
Madeira, Moble e Cortiza	23	311	259	51	776.469,80
Marítimo Pesqueira	22	360	302	57	104.234,40
Química	2	30	25	5	14.823,00
Sanidade	65	918	469	449	3.267.652,14
Seguridade e Medio Ambiente	89	1.297	878	415	2.125.477,34
Servizos Socioculturais e á Comunidade	533	7.484	1.794	5.689	19.660.802,22
Téxtil, Confección e Pel	6	75	12	63	232.091,10
Transporte e Mantemento de Vehículos	197	2.763	2.184	577	5.672.647,80
<b>Total</b>	<b>3.876</b>	<b>60.046</b>	<b>27.163</b>	<b>32.858</b>	<b>122.756.284,00</b>

(1) alumnado participante nas AFS tendo en conta que unha mesma persoa alumna poderá participar en accións formativas de diferentes convocatorias, diferentes entidades, diferentes familias profesionais e mesmo diferentes provincias e, polo tanto, computarase tantas veces como iso suceda.

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

■ 2.3.14.

Atendendo á distribución segundo actividade da programación destes cursos, as actividades máis importantes en canto á súa dotación orzamentaria son as de “Administración e xestión”, “Servizos socioculturais e á comunidade” e “Informática e comunicacions” con 33, 20 e 14 millóns de euros respectivamente. En conxunto, estas tres actividades concentran o 38% do orzamento total e o 45% do alumnado que asiste ás distintas accións formativas (cadro 2.3.14.). □



